| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 75% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados. | | |
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuizos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuizosos. Explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Producir oralmente textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros básicos de pronuncia, léxico, morfosintaxe... | TI | 50 |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves e sinxelas. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. | | |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar as convencións adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo). - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, |

Contidos

- inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 7 | UD6. À l'aventure! | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Extraer cando menos o 50% do sentido global e da información relevante e previsible. | PE | 50 |
| CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que <i>no caso da oralidade</i> estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. | Comprender cando menos o 50% da información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita. | | |
| CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico. | Recoñecer e usar algunha das estratexias básicas de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados. | | |
| CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado. | Comprender cando menos o 50% das descricións, narracións, instrucións e opinións. | | |
| CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. | Redactar textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros básicos de léxico, morfosintaxe... | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital. | Completar cun grao de corrección alto (75%) formularios e documentos moi básicos. | | |
| CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adequación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa. | Ter consciencia da totalidade das estratexias, aplicalas na súa maioría e ser quen de explicalas e compartilas. | | |
| CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. | Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría. | | |
| CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas. | Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións. | | |
| CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría. Identificar cando menos os factores socioculturais que máis dificulten a comunicación. | | |
| CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas básicas...). | | |
| CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar a maioría das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa. | | |
| CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes. | Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro. | | |
| CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | Explicar de xeito comprensible e cun grao de corrección do 75% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística. | Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. Explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos. | Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual. | | |
| CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe. | | |
| CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia. | Producir oralmente textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros básicos de pronuncia, léxico, morfosintaxe... | | |
| CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe. | Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves e sinxelas. | | |
| CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación. | Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise. | | |
| CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar. | Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. | TI | 50 |
| CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe. | Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto. | | |
| CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir. | Utilizar as convencións adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. |

Contidos

- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con

Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Como principio xeral, o/a profesor/-a será quen guíe no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este proceso sexa efectivo, é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesorado debe recordalos e actualalos de maneira sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos.

A aprendizaxe levarase a cabo unhas veces por achega de contidos de forma ordenada por parte do/da profesor/-a, e outras veces por descubrimento por parte do propio alumnado. É importante ter en conta o grao de motivación, xa que afecta directamente ao rendemento; para incrementalalo convén facer explícita a utilidade dos contidos que se están a traballar.

A realización de tarefas en grupo ou por parellas facilita o intercambio de experiencias e a cooperación; para asegurar o éxito das mesmas é fundamental elixir ben a actividade e o momento para facela en grupo.

A aprendizaxe da lingua francesa debe ser un proceso consciente. Neste sentido, propóñense unha serie de tarefas que teñen como obxectivo non só facer ao alumnado consciente de se aprende ou non, ou de ata que punto e como desenvolve dita aprendizaxe, senón tamén aportarlle consellos, ideas e estratexias concretas para axudalo no seu proceso de aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender, sempre tendo en conta que deberá ser o/a propio/-a alumno/-a quen decida que consellos poden resultarlle útiles e cales non.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA O TRATAMENTO DAS CATRO DESTREZAS:

a) A comprensión oral.

Sobre todo nos primeiros anos da E.S.O., nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, establécese nun primeiro momento o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao significado: para chegar a comprender é importante que o/a alumno/-a sexa obxecto dunha exposición á lingua o máis ampla e variada posible (gravacións, o/a profesor/-a, os/as demais compañeiros/-as, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de significado que irá verificando mediante a interacción.

Este procedemento de someter ao alumnado a actividades de comprensión oral mantense ao longo de toda a etapa educativa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento a medida que se avanza de curso.

Existen diferentes estratexias para facilitar a comprensión oral: soportes icónicos, axuda da lingua materna, transparencia das palabras, xestos, vídeos, novas tecnoloxías, etc.

Entre as actividades destinadas a potenciar a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, discriminación auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, clasificación de información en táboas, actividades de verdadeiro ou falso, ditados, toma de apuntamentos, etc.

b) A comprensión escrita.

Trabállanse diferentes tipos de textos escritos:

- Os textos que acompañan a cada unidade e que serven para introducir as estruturas e o vocabulario.
- Textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descricións, cancións, diálogos, etc.) que serven para presentar o vocabulario e as estruturas e para as actividades de consolidación dos coñecementos.
- Breves narracións que buscan captar o interese do/da alumno/-a e fomentar o seu desexo de ler polo simple pracer de facelo.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, actividades de relacionar, de verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco, clasificación de informacións, lectura de libros adaptados, etc.

c) A expresión oral.

Trátase de estimular o uso da lingua francesa na aula mediante unha grande variedade de actividades para a práctica da expresión oral: individuais, por parellas, en pequeno grupo e/ou en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros como co/coa profesor/-a. Estas actividades sempre están dirixidas para que os/as alumnos/-as consigan progresivamente unha real competencia comunicativa.

As actividades do libro proporcionan ao alumnado un gran apoio na realización das diversas tarefas, por exemplo, animándoos a tomar notas sobre o que van dicir antes de comezar a falar, a usar o vocabulario e as expresións destacadas nos recadros ou proporcionándolles varios modelos e inicios de conversa.

O /A profesor/-a pode escribir no encerado as palabras e expresións que os/as alumnos/-as deben utilizar; tamén é moi útil realizar unha chuvia de ideas con todo o alumnado da clase para repasar o vocabulario e as estruturas, así como os exercicios de repetición. Existe unha grande variedade de actividades complementarias de consolidación, sendo de gran axuda os soportes audiovisuais e informáticos.

d) A expresión escrita.

Actividades guiadas nas que se proporcionan modelos ou pautas do tipo:

- "Continue la chanson...", "Écris des phrases....", "Complète avec...", "Écoute et complète...", "Écris les verbes...", "Dessine une affiche...", "Écris des phrases sur...", "Écris la liste de..."

- Actividades libres, cartas, receitas de cociña, breves redaccións, proxectos, carteis, etc.

Para asegurar a existencia dun lector para os dous tipos de actividades de expresión escrita, aconséllase a lectura de textos escritos polos/-as alumnos/-as en grupos, a elaboración de murais e exposicións, así como a avaliación e crítica construtiva ou votación entre o alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Manuais de texto |
| Material de elaboración propia |
| Documentos auténticos |
| Aula virtual |
| Páxinas web vinculadas ao FLE |
| Dicionarios en papel e en liña |
| Recursos dixitais (webs específicas, conxugadores...) |
| Xogos de elaboración propia |
| Xogos comerciais aplicables á materia |
| Cartelería |
| Probas tipo DELF |
| Blog do Departamento de Francés e grupo de Facebook BoqueFLE |
| Libros de lectura e banda deseñada |

- O manual de referencia empregado durante este ano académico será "J'aime 3" (Livre + Cahier d'activités), da editorial Anaya, que servirá de folia de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.
- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.
- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.
- A aula virtual (EDIXGAL) servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.
- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).
- Empregaranse xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén se utilizarán xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.
- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.
- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. O momento idóneo para a realización desta avaliación inicial é o comezo de curso.

En 3º de E.S.O., o alumnado deberá realizar unha proba escrita ou, naqueles grupos nos que se poida dispoñer de equipos informáticos, unha proba en formato dixital na que aparecerán cuestións sobre os contidos abordados durante o curso anterior:

- Un exercicio de comprensión oral (a partir dun audio, responder a cuestións sinxelas sobre o mesmo ou completar unha actividade de "verdadeiro ou falso").
- Exercicios de gramática.
- Exercicios de vocabulario.
- Breve texto para traducir de francés a galego ou castelán (e/ou viceversa).

MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

En 3º de E.S.O., os resultados da devandita proba servirán para sentar unha base sobre aqueles contidos que deberán ser revisados de xeito colectivo, en caso de que sexa preciso, durante as primeiras sesións do ano académico.

Se algún alumno/-a precisa levar a cabo unha revisión máis pormenorizada, o Departamento de Francés entregarlle material de apoio (fichas de repaso, actividades, etc.) e fará un seguimento exhaustivo do seu caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |
| Táboa de indicadores | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 |

Criterios de cualificación:

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 desta programación, para cada unha das UD.

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) O conxunto de probas, tarefas e participación/implicación valorarase de 1 a 10 puntos. A cualificación trimestral obterase das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre, ponderadas tal e como se indica a continuación:

- Probas escritas (exames e ficha de lectura no 2º trimestre): Porcentaxe total 50% (10% comprensión de textos orais; 10% comprensión de textos escritos; 10% produción de textos escritos; 10% coñecemento da lingua francesa - gramática e vocabulario-; 10% plurilingüismo e multiculturalidade).

- Probas orais: Porcentaxe total 20% (10% produción oral; 5%; interacción; 5% mediación).

- Tarefas: Porcentaxe total 20%.

- Participación, implicación e traballo diario: Porcentaxe total 10%.

PROBAS ESCRITAS (50%)

As probas escritas (exames) de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, sobre mensaxes orais, exercicios de gramática, vocabulario, cultura e civilización, fonética, conxugación verbal, traducións, redaccións, ditados, etc. Inclúiran algunha actividade de comprensión oral (escoita dun documento sonoro a partir do cal se formulará algunha/-s cuestión/-s que o alumnado deberá resolver por escrito).

Dentro da categoría de probas escritas entra tamén a fichas relacionadas co libro de lectura que terán que realizar os/as alumnos/-as de 3º de ESO, xa que deberán ler, pola súa conta e de xeito obrigatorio, unha obra en francés; tras ese exercicio de lectura individual terán que completar e entregar a comezos do 2º trimestre unha ficha de lectura que mostrará a súa capacidade de comprensión con respecto ao libro que acaban de ler.

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros (-0,05 ou -0,10 p. cada erro, dependendo da actividade), tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa. Cada proba cualificarase cun máximo de 5 puntos.

Prestarase especial atención á ortografía, á caligrafía e á presentación; esta última poderá ser penalizada con -0,25 p. menos na nota final da proba en cuestión se non cumpre un mínimo de pulcritude, é dicir, o/a alumno/-a debe presentar ese exercicio cunha boa caligrafía e sen borróns. As faltas de ortografía serán penalizadas directamente na actividade na que se cometan.

Tamén se terá en conta nas probas escritas que os datos de identificación do alumnado (prénom et nom) e a data (escrita de xeito formal en francés) estean correctos. A valoración será negativa en caso de que os datos non estean correctos (-0,25 nom et prénom incorrectos, -0,25 date incorrecta).

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

PROBAS ORAIS (20%)

Ao final de cada trimestre todos/-as os/as alumnos/-as deberán realizar como mínimo unha proba oral que terá unha cualificación de 2 puntos como máximo. Esta proba será gravada nun arquivo de audio.

A corrección desta proba realizarase mediante unha táboa de indicadores de logro e por fallos ou erros (-0,05 p. cada erro), tendo en conta a pronunciación, expresión e manexo da lingua francesa.

As características das probas orais serán as seguintes:

1º TRIMESTRE: Presentación persoal: Cada alumno/-a debe presentarse (saudar, dicir o seu nome e a súa idade), mencionar onde vive, onde estuda, falar dos seus gustos e actividades de lecer, da súa familia e todo aquilo que libremente desexe para completar o tempo mínimo de gravación (1 minuto).

2º TRIMESTRE: Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.

3º TRIMESTRE: Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a) relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso. Esta proba realizarase na aula de xeito presencial.

TAREFAS (20%)

Ao longo de cada trimestre o profesorado propondrá tarefas de diversa índole (exercicios, traballos, redaccións, traducións, presentacións orais ou escritas, murais, etc.) para realizar na aula ou fóra dela. Cada tarefa será valorada cun máximo de 2 puntos e acadarase unha nota media entre todas as que se leven a cabo durante o trimestre. Avaliarase cada tarefa por fallos ou erros (-0,05 p. cada erro). Valoraranse non só os contidos das tarefas, senón tamén a forma de expresión (oral ou escrita), a ortografía, a caligrafía e a presentación (no caso de exercicios escritos).

O feito de non entregar unha tarefa no prazo establecido suporá un - 0,25 p. menos na cualificación da mesma, agás nos casos de ausencia xustificada.

O feito de non realizar unha tarefa suporá unha cualificación de cero puntos (0) na mesma.

PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN E TRABALLO DIARIO (10%)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases, colabore, traballe e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

1p. : O/A alumno/-a intervén con asiduidade de xeito voluntario axustándose á temática tratada, presta atención ás explicacións, realiza todas as tarefas encomendadas e mostra un alto grao de implicación cara a materia, respectando as normas básicas de convivencia.

0,50 p. : O/A alumno/-a intervén de xeito voluntario en contadas ocasións, ou non sempre presta atención ás explicacións, ou non realiza todas as tarefas.

0 p.: O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario, ou cando o fai non se axusta á temática tratada, ou non respecta as normas básicas de convivencia (interrompe, descalifica, etc.), ou realiza moi poucas ou ningunha das tarefas, ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

d) Actividades voluntarias: A maiores, o alumnado que participe de xeito voluntario nalgunha actividade proposta polo Departamento de Francés (concursos, realización de vídeos, correspondencia, etc.) terá a posibilidade de obter unha puntuación extra que repercutirá directamente na nota media da avaliación que corresponda en cada caso. Entre outras, proponerse as seguintes actividades:

- CADERNO DE VERÁN (Actividade voluntaria): O alumnado que a comezo de curso presente algún caderno con actividades de repaso realizadas durante as vacacións de verán poderá obter un positivo (+0,25p.) sempre e cando estean feitas e autocorrixidas todas as actividades (ou a gran maioría).

- CORRESPONDENCIA (Actividade voluntaria): Ao longo do curso, o alumnado de Francés de 3º de E.S.O. que así o desexe voluntariamente terá a oportunidade de participar nunha correspondencia por vía postal con alumnos/-as estudantes de Español dun instituto francés. As cartas escritas polo alumnado de 3º de E.S.O. terán unha cualificación que incidirá na nota media da avaliación do xeito que se especifica a continuación:

Bien (máximo 9 faltas): + 0,50 p.

Passable (entre 10 e 19 faltas): + 0,25 p.

Faible (máis de 20 faltas): + 0 p.

Para que se teña en conta esta cualificación o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Redactar a carta en francés, sen esquecer elementos esenciais como son: data, saúde, despedida e sinatura.

- O corpo da carta debe ter un mínimo de 10 liñas completas (sen contar saúde/despedita).

- O/A alumno/-a debe formular un mínimo de 2 preguntas ao seu correspondente.

- Incluír algunha/-s imaxe/-s ou debuxo/-s (polo menos 2 ou 3).

- Tratar todos os temas indicados previamente pola profesora.

- Entregar a carta (tanto o borrador como a carta pasada a limpo) nas datas sinaladas. En caso de non entregar o borrador a tempo, o/a alumno/-a será penalizado/-a con 1 negativo (= 0,25 p. menos na nota media da avaliación), o profesorado de Francés recollerá a carta fóra de prazo para corríxila, pero o/a alumno/-a xa perde calquera opción a cualificación. En caso de que un/unha alumno/-a entregue o borrador a tempo e obteña puntuación, pero non entregue a carta pasada a limpo na data sinalada, perderá esa puntuación obtida e, ademais, será penalizado/-a con 1 negativo (=0,25 p. menos na nota media da avaliación).

- VÍDEO (Actividade voluntaria): Dependendo da temporalización, é probable que se lle propoña ao alumnado a realización dalgún vídeo de temática variada en función do nivel ao que vaia dirixida a actividade, por exemplo: a explicación dunha receita sinxela dalgún prato típico francés (crêpes, mousse au chocolat, quiche lorraine...), a

presentación do centro educativo (mon collège / ma salle de classe), a presentación da familia (ma famille), unha entrevista a unha persoa francófona, un programa ficticio de variedades, un telexornal, etc. Esta actividade permitirá que os/as alumnos/-as poidan acadar ata 1 punto máis na nota media da avaliación en caso de que a gravación teña unha boa calidade, sobre todo a nivel lingüístico (avalíanse a corrección na produción lingüística, a calidade da imaxe e do son e a orixinalidade).

- INTERCAMBIO (Actividade voluntaria): En caso de levar a cabo un intercambio de alumnos/-as con estudantes de Español dalgún centro francés, o alumnado participante deberá realizar un dossier de actividades relacionado coa súa estancia en Francia. Cada actividade terá unha cualificación concreta que estará claramente indicada no propio dossier. A nota global obtida no dossier permitirá a cada alumno/-a incrementar un máximo de 1 punto na nota media da avaliación na que se realice a viaxe.

No caso de propoñer outras actividades voluntarias diferentes das que se acaban de sinalar, o profesorado de Francés informará ao alumnado e explicará con detalle a incidencia que poderá ter dita actividade na nota media da avaliación.

e) O alumnado que non participe nalguna actividade complementaria ou extraescolar organizada polo Departamento de Francés deberá realizar un traballo relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlle as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

f) As actitudes negativas na aula ou nas actividades complementarias e extraescolares (mal comportamento, esquecemento do material necesario para o desenvolvemento da sesión, non realización de tarefas encomendadas dentro e/ou fóra do horario lectivo, conduta impropia ou desaxitada...) serán penalizadas con negativos; cada negativo suporá 0,25 p. menos na nota media da avaliación da que se trate nese momento.

g) A cualificación da avaliación final obterase da media aritmética das cualificacións trimestrais. Superarán a materia aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha media aritmética igual ou superior a 4,5 a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso. O redondeo farase á alza a partir de 0,5.

Exemplos: 4,75 redondea a 5; 4,50 redondea a 5; 4,45 redondea a 4; 4,25 redondea a 4.

Para promocionar, en calquera caso, todo/-a alumno/-a deberá ter superado o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación indicados para cada unidade.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Os/As alumnos/-as que obteñan unha cualificación inferior a 4,5 na media aritmética das tres avaliacións, terán a oportunidade de realizar unha proba de recuperación na que se incluírán contidos traballados ao longo de todo o ano académico. Esa proba terá lugar nas últimas sesións do mes de xuño (a data será concretada a comezos do 3º trimestre). Para aprobar esta recuperación será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10); independentemente da nota obtida nesa proba (sempre que sexa igual ou superior a 5) na avaliación final constará unha cualificación de 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tendo en conta que a Segunda Lingua Estranxeira ten a consideración de materia con contidos progresivos, o Departamento de Francés estipula que o alumnado que teña a materia de Francés pendente do curso anterior superará dita materia se supera a mesma materia no curso no que está matriculado/-a, tendo que realizar soamente actividades de recuperación da materia pendente que durante ese curso non se dea.

ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

O Departamento de Francés ten elaborado un programa de reforzo para levar a cabo con aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente de cursos anteriores. Neste apartado debemos diferenciar dous tipos de alumnado:

A) Alumnos/-as matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores.

Por tratarse dunha materia considerada de aprendizaxe progresiva, estes/-as alumnos/-as recuperarán a materia pendente aprobando (cunha cualificación de 5 ou máis puntos) a 1ª ou a 2ª ou a 3ª avaliación do curso actual. Ao mesmo tempo, recibirán fichas con exercicios específicos relacionados cos contidos non superados no curso anterior; deberán entregar esas fichas nas datas estipuladas para que a xefa do Departamento de Francés as corrixa e as entregue de novo para que o alumnado as revise e comprobe se cometeu algún erro ou non.

De non aprobar ningunha das tres avaliacións deberán presentarse a unha proba escrita que se celebrará no mes de xuño. Se superan esta proba, considerarase recuperada a materia.

B) Alumnos/-as NON matriculados/-as en Francés durante o curso actual coa materia pendente de cursos anteriores. Para que aqueles/-as alumnos/-as que teñen a materia de Francés pendente poidan recuperala durante o curso, o Departamento de Francés do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto levará a cabo o seguinte plan de traballo:

1) Dossier de actividades I: Os/As alumnos/-as recibirán a comezos do 1º trimestre un dossier con actividades que deberán entregar feito, como data límite, o venres 1 de decembro de 2023.

2) Dossier de actividades II: Os/As alumnos/-as recibirán a mediados do mes de xaneiro un segundo dossier con actividades. A data límite para que o devolvan feito será o venres 15 de marzo de 2024.

3) Dossier de actividades III: Os/As alumnos/-as recibirán a comezos do mes de abril un terceiro dossier con actividades. A data límite para que o devolvan feito será o venres 31 de maio de 2024.

4) Valoración das actividades: Cada dossier será valorado cunha puntuación do 1 ao 10. Para obter a nota final farase a media aritmética dos tres. Superará a materia o alumno/a que teña unha cualificación igual ou superior a 5. En caso de ter unha cualificación inferior a 5, deberá presentarse a unha proba escrita que se celebrará no mes de xuño. Se supera esta proba, considerarase recuperada a materia.

5) Proba escrita: A proba consistirá nunha serie de exercicios de gramática, léxico, tradución... baseados nas competencias e os mínimos esixibles para cada curso tal e como se especifica na Programación Didáctica.

6) O Departamento de Francés estará á disposición do alumnado para que quen o desexe poida resolver as súas dúbidas.

7) Neste ano académico (2023/2024) non hai ningún alumno/-a coa materia de Francés pendente de cursos anteriores.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo elaborado polo Departamento de Francés destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia.

Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurándose adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como adaptar os contidos aos mínimos exixibles segundo a súa capacidade.

E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

Nunha aula hai alumnado con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, e debemos perseguir o obxectivo de que todo/-a alumno/-a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos/-as os/as alumnos/-as poidan atopar algún que estea de acordo co seu estilo de aprendizaxe.

En canto á necesidade de atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, existe un gran número de actividades destinadas a este fin. Ademais, debemos responder ás diferenzas individuais na aula, mediante diversas actividades de ampliación e reforzo para alumnos/-as que terminan antes o seu traballo.

Os materiais utilizados teñen en conta que alumnos/-as sen unha capacidade grande como aprendices de linguas poden, sen embargo, ser bos noutros campos como a arte ou as matemáticas, ou poden ter algunha afección interesante que o profesorado pode aproveitar en clase. Isto aumentará a motivación e a autoestima deste alumnado e demostrará a todos/-as o valor que se concede nese ámbito a diversas destrezas ou habilidades.

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dando un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/-as.
- O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, pequenas redaccións, debuxos, etc.
- A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos fomenta a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.

- O fomento da participación e a colaboración entre o alumnado con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. O profesorado axudará a que o alumnado sexa consciente diso.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

En principio, parece ser que ningún/ningunha dos/as alumnos/-as que cursan Francés durante este ano académico vai precisar unha adaptación curricular nesta materia. De darse algún caso, o Departamento dará conta do mesmo no Libro de Actas e na Memoria Final de curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos da infancia | X | X | X | | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible | X | | | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual | X | X | X | | | X | |
| ET.6 - Comprensión de lectura | | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Emprendemento social e empresarial | X | X | | X | X | X | |
| ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------|------------|----------|----------|----------|
|------------|------------|----------|----------|----------|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Teatro en francés | Saída ao teatro para asistir á representación da obra titulada "Les trois mousquetaires", o luns 26 de febreiro de 2024, no Colexio La Salle (Santiago de Compostela). | | X | |
| Chandeleur | Arredor do 2 de febreiro celebrárase a Chandeleur, tamén coñecido como o día das "crêpes". | | X | |
| Jour de la francophonie | Segundo o calendario oficial, o 20 de marzo celebrárase o día da francofonía proponendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtametraxes, degustación de produtos gastronómicos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc. | | X | |
| Fête de la musique | 21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia en 1982 que se conmemorará na aula escoitando música francesa de distintos estilos. | | | X |
| Actividades, exposicións, certames ou actos culturais | O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico. | X | X | X |
| Xogos, exposicións, actividades e concursos | O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras. | X | X | X |
| Correspondencia de cartas | Participación nunha correspondencia de cartas con alumnado estudante de español dun instituto francés de Caen (Normandie). | X | X | X |
| Cine en francés | Proxección de fragmentos de diferentes películas e curtametraxes en francés, algunhas subtituladas para facilitar unha maior comprensión. | X | X | X |
| Lectura | Traballo con libros de nivel fácil para espertar o amor pola lectura. | X | X | X |
| Civilización e cultura francesas | Estudo da civilización francesa mediante o visionado de vídeos culturais, documentais, reportaxes... e a lectura de textos extraídos de revistas, xornais, blogs, etc. | X | X | X |
| Audiovisuais | Montaxe de pequenos vídeos e presentacións en lingua francesa, relacionados cos contidos traballados ao longo do curso. | X | X | X |
| Blog (BoqueFLE) | O Departamento de Francés quere manter ao día o seu blog (BoqueFLE) coa intención de publicar nel contidos relacionados coa actualidade e a cultura francesa. Dende o espazo adicado ao Departamento dentro da web oficial do centro existe unha ligazón a este blog para que todos aqueles que o desexen poidan visitalo e consúltalo. | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Resultados de avaliación. |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos. |
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |
| Metodoloxía empregada |
| Nivel de satisfacción do alumnado. |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver. |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. |
| Adecuación do libro de texto. |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA. |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc. |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA. |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA. |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación. |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA. |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. |
| Clima de traballo na aula |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. |
| Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia. |

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- O material proporcionado (en todos os soportes).
- A práctica docente.
- Os instrumentos de avaliación.
- Os tempos asignados para realizar as tarefas.
- Os tempos de corrección.
- O sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- Percepción da súa progresión.
- Tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- Estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- Fomentar a coordinación do profesorado.
- Mellorar a formación docente.
- Reforzar as medidas de atención á diversidade.
- Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento de Francés levará a cabo unha reflexión profunda das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.
- b) Os erros detectados recollense na Memoria Final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O Departamento de Francés do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto é unipersonal e fará o seguimento oportuno para levar a cabo a aplicación da Programación Didáctica. Os aspectos máis salientables recollense nun informe mensual no libro de actas do Departamento.

PROENS

A profesora fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, farase o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reaxustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Biología e xeoloxía | 3º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 11 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 12 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 12 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 12 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 13 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 14 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 14 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 15 |
| 9. Outros apartados | 16 |

1. Introducción

Existe unha estreita relación entre o progreso da humanidade e o coñecemento científico. Así, os avances que observamos no noso entorno son debidos na súa maioría a estes coñecementos, tal que poderíase definir á sociedade na que vivimos como unha sociedade tecnolóxico-científica. Estes avances son o froito da cooperación entre científicos de diferentes ramas da Ciencia, entre as que se atopa a Bioloxía e a Xeoloxía.

A Ciencia, non é unha entidade estática, senón que se atopa en permanente evolución. Cada vez son máis importantes as profesións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, como máis numerosas son as cuestións de ámbito biolóxico que nos abordan (medio ambiente, xenética, biomedicina), moitas das cales requiren unha participación por parte da cidadanía.

É preciso, polo tanto, proporcionarlle ao alumnado as bases científicas sobre as que se asente o coñecemento da realidade do mundo contemporáneo para analízala e valorala de forma crítica. O estudo da Bioloxía e Xeoloxía contribuirá non soamente a súa comprensión en si, senón tamén a dos elementos fundamentais da investigación e do método científico.

A forma de abordar o ensino incluírá, ademais dos conceptos, a súa utilidade e a súa construción como o produto de incesantes investigacións que, continuamente, confirman e trocan os conceptos científicos. Todo isto contribuirá a ampliar e a afondar no estudo dos mecanismos básicos que rexen o mundo vivo, a valorar as implicacións sociais e persoais dos coñecementos científicos e dos novos descubrimentos, e a promover unha actitude investigadora.

Así pois a Bioloxía e a Xeoloxía contribuirán a formar aos alumnos como persoas e como cidadáns, ademais de orientalos e formalos cara ás saídas profesionais relacionadas con esta área.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|-------|-----------|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas. | 1-2-5 | | 4 | 2-3 | | | | 4 |
| OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas. | 3 | 1 | 4 | 1-2-3-4-5 | 4 | | | |
| OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas. | 1-2 | | 2-3-4 | 1-2 | 3 | | 3 | |
| OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía. | | | 1-2 | 5 | 5 | | 1-3 | 4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|---------|----|-------|-----|----|------|
| OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva. | | | 2-5 | 4 | 1-2 | 3-4 | 1 | |
| OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Proxecto científico | Nesta unidade desenvólvense os pasos do Metodo científico | 5 | 5 | X | | |
| 2 | A célula | Esta unidade abrangue todo o relacionado coas células, e as formas acelulares | 15 | 10 | X | | |
| 3 | As funcións vitais no ser humano: nutrición | Englóbbase o estudo dos aparellos e sistemas implicados na función de nutrición | 20 | 12 | X | | |
| 4 | As funcións vitais no ser humano: relación e reprodución | Englóbbase o estudo dos aparellos e sistemas implicados nas funcións de relación e reprodución | 20 | 12 | | X | |
| 5 | Hábitos saudables | Esta unidade abrangue aqueles hábitos de vida saudables, dende a alimentación, a sexualidade, as drogas... | 10 | 10 | | X | |
| 6 | Saúde e enfermidade | Engloba que se entende por enfermidade, os tipos existentes e as medidas de prevención | 15 | 12 | | | X |
| 7 | Os riscos xeolóxicos internos | Nesta unidade englóbbase todo o referente á actividade sísmica e volcánica | 15 | 9 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 1 | Proxecto científico | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas. | Explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos | PE | 60 |
| CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes. | Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía | | |
| CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes. | Distinguir a información con base científica de pseudociencias e crenzas infundadas | | |
| CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos. | Expor hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e biolóxicos | TI | 40 |
| CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta. | Realizar experimentacións de forma adecuada | | |
| CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo. | Presentar o proxecto de investigación de forma adecuada | | |
| CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión. | Cooperar no proxecto científico | | |
| CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución. | Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2 | A célula | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular. | Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos | PE | 60 |
| CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións. | Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células | | |
| CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados. | Comprender a información sobre procesos biolóxicos utilizando a terminoloxía adecuada | TI | 40 |
| CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos. | Describir os virus como causantes de patoloxías | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). |

| Contidos |
|---|
| - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 3 | As funcións vitais no ser humano: nutrición | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición. | Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición | PE | 60 |
| CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela. | Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos cos aparellos e sistemas que interveñen nela | | |
| CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais. | Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos | TI | 40 |
| CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos. | Analizar a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos | | |
| CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas. | Coñecer as diferenzas entre alimentación e nutrición diferenciando os nutrientes e funcións básicas | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 4 | As funcións vitais no ser humano: relación e reprodución | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas. | Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas da función de relación | PE | 60 |
| CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino. | Comprender a relación entre o sistema nervioso e o endócrino | | |
| CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas. | Identificar as estruturas do aparello reprodutor e endócrino | | |
| CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais. | Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos | TI | 40 |
| CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos. | Analizar a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos | | |
| CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna. | Valorar a sexualidade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino. - Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor. - Reprodución e sexualidade. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | Hábitos saudables | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes. | Recoñecer a información con base científica | PE | 60 |
| CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade. | Analizar a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, drogas e sexualidade | | |
| CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado. | Reflexionar sobre a importancia dos hábitos de vida saudables como método de prevención de doenzas | | |
| CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes. | Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables | TI | 40 |
| CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade. | Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física | | |
| CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual. | Recoñecer o sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual | | |
| CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima. | Recoñecer as drogas como causa de prexuízos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia. - Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico: - Infeccións de transmisión sexual (ITS). - Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado. - As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima. - Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...). |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | Saúde e enfermidade | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes. | Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade | PE | 60 |
| CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento. | Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas | | |
| CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas. | Analizar procesos relacionados coa saúde e enfermidade, mantendo unha actitude crítica | TI | 40 |
| CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas. | Analizar o funcionamento do sistema inmunitario | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Enfermidades infecciosas e non infecciosas: - Diferenciación en base á súa etioloxía. - Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas. - O uso adecuado dos antibióticos. - Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo. - Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas. - Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana. - Importancia dos transplantes e da doazón de órganos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 7 | Os riscos xeolóxicos internos | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen. | Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen | PE | 60 |
| CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención. | Analizar os riscos naturais | | |
| CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas. | Explicar a orixe e distribución da actividade sísmica e volcánica integrándoas coa teoría da tectónica de placas | | |
| CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos. | Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos | TI | 40 |
| CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes. | Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación preténdese que o alumnado aprenda significativamente os coñecementos relativos aos distintos contidos. En relación con este punto, os contidos organízanse partindo do menor nivel de dificultade do caso particular ao nivel xeral máis abstracto, para lograr o aprendizaxe significativo, de tal xeito que partindo da motivación e interrogantes iniciais conclúese coa adquisición dos suficientes contidos científicos desenvolto para cada núcleo temático.

Os coñecementos constrúense a partir dos aprendizaxes adquiridos nos cursos anteriores, de forma que conecten o que xa saben cos novos coñecementos para que poidan utilizalos adecuadamente, de aí a importancia dunha diagnose inicial que nos oriente sobre estes coñecementos iniciais do alumnado. Perséguese pois, que os novos coñecementos se integren ampliando e afondando nos anteriores e, en caso de que sexa necesario, modificando esquemas erróneos previos. Para isto preténdese, ademais de engazar os novos coñecementos cos de anteriores cursos, que se manteña unha certa continuidade dentro desta programación.

Trátase tamén que os novos coñecementos sexan acadables polos alumnos/as de xeito que sexan adecuados para as súas potencialidades cognitivas.

Ademais, a metodoloxía debe ser activa propiciando a reflexión, o razoamento e o análise crítico para que poidan aprender por si mesmos, de xeito que os alumnos/as conquiran unha madurez persoal e unha capacidade formativa

que lles permita chegar a ser membros activos e responsables da sociedade, capaces de detectar, analizar e resolver os problemas que lles xurdan na vida cotiá.

As actividades serán o medio para acadar este tipo de aprendizaxe. Diferenciamos distintos tipos: actividades de inicio, de desenvolvemento, avaliación, ampliación e reforzo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Caderno de clase do alumno/a onde se recollerá a información, exercicios e postas en común que se realicen na clase. |
| Materiais impresos, ben directamente polo alumnado ou ben subministradas a través da profesora, tales como cuestións, gráficas, esquemas. |
| Materiais audiovisuais e/ou dixitais, que servirán tanto para presentar a materia, como para exercicios ou actividades do alumnado. |
| Prensa e revistas de divulgación científica. |
| Ordenadores edixgal |
| Material de laboratorio, no que se inclúe os aparellos, instrumental, os funxibles, preparacións, produtos químicos e as mostras biolóxicas necesarias para as actividades programadas. |

Para o desenvolvemento da programación terase en conta que as actividades de ensinanza-aprendizaxe realizaranse maioritariamente no laboratorio, na aula de referencia e no exterior do edificio sempre e cando o tempo permita facer este tipo de sesións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio de curso farase unha proba escrita para coñecer cales son os coñecementos do alumnado.

Ademais ao principio de cada bloque temático, antes da exposición inicial, realizaranse unha serie de preguntas aos alumnos/as sobre os contidos a impartir.

Todos estes datos permitirán detectar os coñecementos previos dos alumnos/as e modificar, conforme á realidade detectada, as unidades didácticas. Así, no caso de detectar problemas nos conceptos e procedementos previos necesarios para o presente curso amoldaremos a aprendizaxe para adquirilos no momento que sexa preciso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 15 | 20 | 20 | 10 | 15 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

Criterios de cualificación:

A cualificación global de cada avaliación obterase mediante a valoración das cualificacións obtidas a través dos instrumentos utilizados, sendo estes:

- Probas escritas: medio para comprobar se o alumno/a acadou os criterios de avaliación, a cal terá un valor dun 60% da nota final.

A nota das probas escritas terá unha puntuación máxima de 6 puntos. En caso de haber máis dunha proba escrita por avaliación farase a media aritmética entre estas probas.

Non se fará media con notas de probas escritas por debaixo de 1,5 puntos, dando por suspensa a avaliación.

Se ben, habendo máis dunha proba por avaliación e se existise unha notable diferenza entre a cantidade de materia que entra en cada unha destas probas a profesora ponderará, avisando previamente aos alumnos, cal é o valor ou peso respecto a cualificación da avaliación que ten cada unha destas probas.

Se o alumno non realizara algunha proba sen causa xustificada a nota desa proba será dun 0.

A realización fraudulenta dunha proba escrita (copiar...) conlevará unha cualificación de 0 en dita proba.

- Táboa de indicadores: a cualificación formarase coas notas en conxunto do traballo na aula, actividades de avaliación, proxectos de investigación e traballo no laboratorio, tendo un valor dun 40% da nota final.

A cualificación final será o resultado da media das tres avaliacións.

A cualificación final do alumnado se considerará positiva se acada 5 puntos sobre un total de 10 posibles.

Criterios de recuperación:

Calquera alumno/a que teña unha avaliación non superada ou do seu total ten dereito a súa recuperación coa elaboración dunha proba escrita, onde só se terá en conta a cualificación desta proba e deberán superar unha cualificación de 5 puntos.

A todo o alumnado con algunha avaliación suspensa proporcionaráselle material de reforzo para axudarlle a súa recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da asignatura para o alumnado que a teña pendente consistirá en dúas fases:

Na primeira fase, ao alumnado iráselle proporcionando periódicamente diversas actividades dos distintos bloques temáticos para que vaian elaborando e entregando nas datas establecidas, as cales terán un valor dun 40% na nota final. Estas actividades serán correxidas pola profesora para levar a cabo un adecuado seguimento e detectar posibles erros.

Na segunda fase levarase a cabo unha proba escrita baseada naquelas actividades que elaboraron na primeira fase. O valor desta proba escrita será dun 60% da nota final.

A materia considerárase recuperada si a nota final é igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

En caso necesario para atender ás distintas demandas educativas atopámonos con distintas medidas que van dende axudas concretas, que necesita o alumnado en determinados momentos para superar algunha dificultade, ata axudas permanentes e continuas ao longo da súa escolarización. Inicialmente contemplamos as seguintes medidas:

- Atención individual intensiva
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Tutorías durante os recreos

De ser insuficientes, as axudas serían, principalmente, o reforzo educativo e as adaptacións curriculares:

- O reforzo educativo é aquela medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, soe traducirse nun conxunto de actividades e estratexias destinadas a corrixir as dificultades de aprendizaxe.

- As adaptacións curriculares son as modificacións que se realizan dende a programación en obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, criterios e procedementos de avaliación para atender ás necesidades individuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | | | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | | | X | X | X | X |
| ET.8 - Creatividade | X | | | | X | X | |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|-------------------------------|----------|----------|----------|
| Roteiros | Roteiros por espazos naturais | | X | |
| Museo de Ciencias e Domus | Visita aos museos da coruña | | | X |

Observacións:

Como actividades complementarias tense previsto levar a cabo unha serie de roteiros por espazos naturais para inculcar hábitos de vida saudable, e a visita aos museos da Coruña

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado |
| Empregáronse adecuadamente os instrumentos de avaliación |
| Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita |

| |
|--|
| Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguíuse a participación activa do alumnado |
| Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro de grupo |
| Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función da unidade a tratar |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE |
| Elabóranse actividades atendendo á diversidade |
| Elabóranse probas escritas adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE |
| Clima de traballo na aula |
| Combínase traballo individual e en equipo |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Fomentouse un contacto contínuo coas familias |
| Fomentouse un enfoque multidisciplinar das tarefas |

Descrición:

En base a unha revisión continua da programación, e a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso docente e de ensino-aprendizaxe, deberemos valorar os citados indicadores de logro

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao chegar a este punto, é imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Así, aínda sendo a Programación un instrumento que elabórase con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático, co fin de determinar a súa utilidade e validez e introducir os trocos e reelaboracións que se consideren necesarias, implica un proceso de avaliación continua.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da praxe pedagóxica que de resposta e desenrole as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste senso, o plan de avaliación da programación non é a sinxela medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Xa durante o curso académico, a profesora debe detectar o grao no que os alumnos/as adquiren os contidos e os posibles fallos ou defectos da programación (desmotivación, significatividade da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados...). Todos estes son factores que hai que ter en conta á hora de avaliala programación, co fin de mantela, melloralala e, en todo caso, reformala e adecuala para a completa consecución dos obxectivos. Así serán obxecto de avaliación: os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, criterios de avaliación,....

Como proposta de mellora, destaca a importancia de darlle un carácter máis práctico á materia, na medida do posible.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación Dixital | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 10 |
| 7.2. Actividades complementarias | 12 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 14 |

1. Introducción

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|-------|-------|---------|----|------|
| OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz. | | | | 2 | | | 3 | |
| OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas. | 3 | 2-3 | 4 | 1-2-3 | 3-4 | 1-2-3-4 | 3 | 4 |
| OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa. | | | | 5 | 5 | | | |
| OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital. | 2 | 3 | 5 | 3-4 | 1-2-5 | 2-3 | 1 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Dispositivos dixitais e sistemas operativos | Configuración de dispositivos dixitais e sistemas operativos, organización da información | 5 | 7 | X | | |
| 2 | Creación e edición de imaxe dixital | Tratamento de imaxe dixital e deseño gráfico | 15 | 22 | X | X | X |
| 3 | Creación e edición de documentos de texto | Tratamento de textos | 15 | 16 | X | | |
| 4 | Creación e edición de de follas de cálculo | Follas de cáclulo, gráficos e informes | 15 | 16 | | X | |
| 5 | Creación e edición de presentacións dixitais | Presentacións dixitais con elementos multimedia | 15 | 14 | X | X | X |
| 6 | Creación e publicación de contidos na rede | Colaboración en rede | 5 | 7 | | X | |
| 7 | Pensamento computacional: programación | Programación, desenvolvemento de programas | 25 | 15 | | | X |
| 8 | Ética e seguridade dixital | A pegada dixital e seguridade na rede | 5 | 8 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Dispositivos dixitais e sistemas operativos | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. | Identificar os elementos que configuran un equipamento informático e a súa función no conxunto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais. | Configurar un sistema operativo en función das súas necesidades persoais. | | |
| CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión. | Organizar a información de maneira segura e eficaz. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración. |

| Contidos | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización. - Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade. | |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------------|-----------------|
| 2 | Creación e edición de imaxe dixital | 22 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Identificar os formatos de arquivos máis utilizados e realizar tratamento básico de imaxe dixital. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. - Tratamento básico da imaxe dixital. | |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 3 | Creación e edición de documentos de texto | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Producir documentos con aplicacións ofimáticas, incorporando gráficos, aplicando estilos e formatos e índices interactivos. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. | |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 4 | Creación e edición de de follas de cálculo | 16 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Realizar operacións básicas en follas de cálculo. Crear gráficos. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 5 | Creación e edición de presentacións dixitais | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa. | Crear presentacións dixitais, integrando elementos multimedia. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. - Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 6 | Creación e publicación de contidos na rede | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa. | Compartir e publicar contidos na Rede. | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 7 | Pensamento computacional: programación | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica. | Utilizar unha contorna de programación gráfica. | TI | 100 |
| CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa. | Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Utilización de estruturas básicas de programación. |
| - Uso de datos. Constantes e variables. |
| - Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 8 | Ética e seguridade dixital | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo. | Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet. | TI | 100 |
| CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual. | Xestionar contrasinais. | | |
| CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo. | Identificar situacións que representan unha ameaza na rede. | | |
| CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización. | Usar recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. - Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede. - Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarase unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ordenador persoal - dispositivos dixitais |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos. |
| Aula virtual do centro ou do plan Edixgal. |

Cada alumno/a tendrá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha pequena proba práctica no ordenador ao comezo, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa competencia dixital.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 15 | 15 | 15 | 15 | 5 | 25 | 5 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 100%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A calificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación desta materia será eminentemente práctica, mediante os traballos pedidos ao alumnado nas distintas unidades didácticas.

Cálculo da nota final:

Nota final = 35% da 1ª avaliación + 35% da 2ª avaliación + 30% da 3ª avaliación

Crterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos cando a nota da avaliación sexa inferior a 5.

Nas 2 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai neste ano académico ningún alumnado coa materia de Educación Dixital pendente, xa que este é o primeiro ano que se imparte a materia neste centro.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdobramento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | | X | | X | X | | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | X | X | | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | | | | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | | | | | X | | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | | | | | X | X | |
| ET.9 - Creatividade | | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | | | | | | | | X |
| ET.11 - Formación estética | | X | X | X | X | X | X | |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X | | | | | | | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | | | | | | X | | |

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia. | Saídas didácticas relacionadas coa materia. | | | X |

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Visita as instalacións da TVG

- Obxectivos: Coñecer un medio de comunicación como a televisión e as ferramentas dixitais que se utilizan para procesar e transmitir a información. - Profesorado responsable: Rocío Leira - Alumnado participante: Alumnado de 3º da ESO de Educación Dixital - Lugar de celebración: TVG. San Marcos (Santiago de Compostela) - Datas: Por determinar - Repercusións económicas: Por determinar

No caso de que a visita programada non poda realizarse, será substituída por outra visita similar a empresas ou medios de comunicación de interese para esta materia. Ademais, organizarase calquera saída didáctica relacionada coa materia ou visita que xurda durante o curso e sexa considerada de interese para o alumnado de Educación Dixital de 3º da ESO.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada. |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos. |
| As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas. |
| Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado. |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia. |
| Metodoloxía empregada |
| Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica.... |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado. |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma. |
| Existiu coordinación entre os distintos profesores/as. |
| Outros |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións. |

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docente ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|---------------------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación en Valores Cívicos e Éticos | 3º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 31 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 32 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 32 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 33 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 34 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 34 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 35 |
| 7.2. Actividades complementarias | 38 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 39 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 40 |
| 9. Outros apartados | 41 |

1. Introducción

Se nos atemos á exposición de motivos para a inclusión da materia no currículo, a materia inclúe, en primeiro lugar, o mandato constitucional que establece como obxecto de educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana respecto dos principios democráticos, de convivencia e dereitos e liberdades fundamentais, que deben ser interpretados dacordo co establecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos acordos internacionais ratificados por España co fin de promover a súa difusión e desenvolvemento, garantindo o seu cumprimento por parte de toda a humanidade. Pero tamén se refire, en segundo lugar, a mellorar a autonomía da mocidade e preparala para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, a través dunha lección libre e racional baseada nos valores éticos e na inversión dos seus esforzos, un pensamento e un proxecto de vida propio, asumindo dun xeito consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control sobre a súa propia existencia. Finalmente, contribúe a promover a construción dunha sociedade libre, igualitaria e xusta, a través da participación activa de cidadáns conscientes e respectuosos cos valores éticos nos que debe basearse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como unha referencia universal a superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

A materia de Valores Éticos contribúe ao logro das competencias clave. En primeiro lugar, contribúe a desenvolver as competencias relacionadas co pensamento crítico e a resolución de problemas, desde o momento en que afecta á necesidade de analizar, plantexar, argumentar e proporcionar solucións ben fundamentadas aos problemas éticos, sendo este o eixo do que xira todo o currículo básico e a natureza específica do coñecemento ético, xa que todo require unha demostración racional. A competencia social e cidadá, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborativo, aumentan ao reflexionar sobre o fundamento ético da sociedade e tomar conciencia da importancia dos seus valores culturais.

Ademais, a solución de conflitos interpersoais de forma non violenta promove nos estudantes o interese por desenvolver actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto pola pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outro tipo. A competencia para aprender a aprender promóvese a través do exercicio dos procesos cognitivos que son realizado no desenvolvemento do currículo básico, como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar, etc. Así favorece nos estudantes o gusto e a satisfacción que produce o descubrimento da verdade. Por outra banda, a presentación de dilemas éticos e o debate sobre as súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque require exercitarse na audición, a presentación de ideas e a comunicación de sentimentos, empregando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.

Durante o presente ano académico 2022-2023, a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos (3º E.S.O.) no CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto, está adscrita ao Departamento de Francés. A distribución de alumnado é en dous grupos, 3º ESO A e 3º ESO B que contan cada un con 16 alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada. | 2 | | | | 1 | 1-2-3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|---------|----|------|
| OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | 5 | 3 | | 3 | | 1-2-3-4 | | 1 |
| OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables. | | | 5 | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza. | 1 | | | | 1-2-3 | 1-3 | | 3 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | EU E OS OUTROS | A educación de emocións e sentimentos: - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas - A empatía cos demais. Empatía e contorna: - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. | 8 | 2 | X | | |
| 2 | DE QUE VAI A ÉTICA? | A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos: - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. A sociedade humana: natureza e orixe: - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a | 7 | 3 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | DE QUE VAI A ÉTICA? | competencia e egoísmo. Egoísmo e contorna. | 7 | 3 | X | | |
| 3 | NON ESTAMOS SÓS | A natureza humana: - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. A convivencia social: - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. | 7 | 3 | X | | |
| 4 | POLA IGUALDADE | A educación afectivo-sexual: O consentimento. A igualdade de xénero: - As diversas ondas e correntes do feminismo. - A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres. - A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de cidadados. | 9 | 3 | X | | |
| 5 | TODO TEN UN LÍMITE | A ética na sociedade actual: - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas. A política: - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. | 9 | 4 | X | | |
| 6 | O VALOR DA DEMOCRACIA | Formas de Estado e tipos de goberno: - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta: - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. | 7 | 2 | | X | |
| 7 | UN MUNDO GLOBALIZADO | Análise das accións: - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. | 9 | 2 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7 | UN MUNDO GLOBALIZADO | A procura da xustiza social: - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - Globalización económica e bens públicos globais. - O comercio xusto. - O valor social dos impostos. Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta: - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. | 9 | 2 | | X | |
| 8 | PARTICIPACIÓN CIDADÁ | A ética e as éticas como guías das nosas accións: - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. A participación democrática: ser cidadáns: - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. | 7 | 2 | | X | |
| 9 | LIBRES PARA... | As liberdades e a ética: - A liberdade humana e a responsabilidade. - Liberdade de expresión - Liberdade de culto - Liberdade para vivir sin miseria - Liberdade para vivir sin temor A sociedade e a cidadanía plural: - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+. Ecofeminismo e ética do coidado. | 8 | 3 | | X | |
| 10 | ACTUAMOS! | Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta: - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. | 7 | 2 | | X | |
| 11 | QUE É O DEREITO? | Ética e dereito: - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns: Os dereitos humanos: - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. | 8 | 3 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 11 | QUE É O DEREITO? | <ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. Protección e dereitos dos animais: - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos. | 8 | 3 | | | X |
| 12 | ÉTICA E CIENCIA | <ul style="list-style-type: none"> A ética na sociedade actual: - O problema da desinformación. Os desafíos da democracia actual: - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas. Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais: - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. | 7 | 3 | | | X |
| 13 | MEMORIA POLA PAZ | <ul style="list-style-type: none"> Ética e dereito: - A obxección de conciencia. A convivencia pacífica e segura: - A memoria democrática. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política. - A atención ás vítimas da violencia. - Accións individuais e colectivas en favor da paz. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. - O dereito internacional e a cidadanía global. - As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz. - O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz. Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente: - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. | 7 | 3 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1 | EU E OS OUTROS | 2 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | Desenvolver autonomía moral básica mediante a reflexión e o diálogo respectuoso cos demais. | | |
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Desenvolver unha actitude positiva fronte a xestión das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas. | | |
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | Promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | PE | 80 |
| CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan. | Comprender as relacións históricas entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise guiada das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan. | | |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Mostrar unha actitude equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo os dos demais en distintos contextos. | | |
| CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana. | Bosquexar un concepto de si mesmo recoñecendo rasgos positivos e negativos da súa personalidade. | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | Identificar e comunicar ideas con comprensión e empatía cara ás demais persoas. | | |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | Fomentar, de xeito básico, o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva. | | |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | Contribuír, de forma guiada, a xerar un compromiso co ben común a través do diálogo ou a reflexión arredor de cuestións éticas de actualidade. | | |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | Contribuír de xeito básico e guiado ao benestar social, valorando o respecto polos dereitos humanos e a diversidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Desenvolver unha actitude positiva fronte a xestión das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas. | | |
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | Promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | | |
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Mostrar unha actitude equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo os dos demais en distintos contextos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana. | Bosquexar un concepto de si mesmo recoñecendo rasgos positivos e negativos da súa personalidade. | | |
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | Identificar e comunicar ideas con comprensión e empatía cara ás demais persoas. | | |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | Fomentar, de xeito básico, o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva. | TI | 20 |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | Contribuír, de forma guiada, a xerar un compromiso co ben común a través do diálogo ou a reflexión arredor de cuestións éticas de actualidade. | | |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | Contribuír de xeito básico e guiado ao benestar social, valorando o respecto polos dereitos humanos e a diversidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - Os desafíos da democracia actual. - Os códigos deontolóxicos. - As éticas aplicadas. - Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética. - O desafío da intelixencia artificial. - As propostas transhumanistas. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 13 | MEMORIA POLA PAZ | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar. | Desenvolver autonomía moral básica mediante a reflexión e o diálogo respectuoso cos demais. | | |
| CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Desenvolver unha actitude positiva fronte a xestión das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas. | | |
| CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos. | Promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común. | PE | 80 |
| CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións cívicas e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos. | Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través do recoñecemento da historia democrática do noso país. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. | Mostrar unha actitude equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo os dos demais en distintos contextos. | | |
| CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana. | Bosquexar un concepto de si mesmo recoñecendo rasgos positivos e negativos da súa personalidade. | | |
| CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual. | Identificar e comunicar ideas con comprensión e empatía cara ás demais persoas. | | |
| CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos. | Fomentar, de xeito básico, o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva. | TI | 20 |
| CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica. | Contribuír, de forma guiada, a xerar un compromiso co ben común a través do diálogo ou a reflexión arredor de cuestións éticas de actualidade. | | |
| CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos. | Contribuír de xeito básico e guiado ao benestar social, valorando o respecto polos dereitos humanos e a diversidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Ética e dereito. - A obxección de conciencia. - A política. - A memoria democrática. |

Contidos

- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.
- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar por competencias na aula implica un cambio metodolóxico importante. O profesorado convértese nun xestor do coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo. En concreto, na área de valores éticos, durante esta etapa, os estudantes deben desenvolver un pensamento crítico e unha actitude baseada en valores éticos e morais recoñecidos. Por este motivo, resaltarase a necesidade de analizar, plantexar e dar solucións a problemas con antecedentes éticos. Dende esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde o traballo individual se alterna co traballo en grupo. A aplicación destes métodos implica o uso de estilos de ensino socializador, cognitivo e creativo para que os seus estudantes poidan facer os xuízos e as eleccións dirixindo o seu comportamento e as súas relacións sociais cara o ben común.

Neste contexto metodolóxico, o alumnado convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe para lograr unha maior autonomía na súa aprendizaxe e crear estruturas cognitivas que lles permitan pensar e ter un proxecto de vida propio, asumindo dun xeito consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control sobre a súa propia existencia. Pola súa banda, a transmisión do coñecemento das características que compoñen a imaxe persoal basearase na aprendizaxe baseada na experiencia, onde os alumnos perciben a información a través das súas propias experiencias e sempre respectando o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe.

Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, o debate guiado con técnicas de visualización e o xogo de roles.

As estratexias didácticas de investigación tamén ocupan un lugar moi importante. A súa principal característica consiste en presentar ao alumnado unha serie de materias "primas" que este debe estruturar seguindo pautas de actividade máis ou menos precisas e abertas proporcionadas pola profesora. En definitiva, trátase de enfrontar ao alumnado con situacións máis ou menos problemáticas nas que debe poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes, para adquirilos de forma consistente. As técnicas de ensino específicas ás que se pode traducir esta estratexia xeral son moi variadas: investigacións simplificadas, estudos de casos, etc.

Un caso particular dentro das estratexias de investigación está constituído por pequenos proxectos nos que os estudantes, individualmente ou en grupo, realizan unha pescuda adecuada. Os proxectos de investigación cumpren unha importante función educativa difícil de conseguir por outros medios; trátase de acostumar ao alumnado a afrontar e resolver problemas con relativa autonomía.

Os diferentes tipos de actividades que poden propoñerse serían:

- Actividades de "detección" de coñecementos previos. Parten de aquilo que o alumnado coñece, e lle permite establecer as oportunas relacións cos novos contidos de aprendizaxe.
- Actividades de afondamento e reforzo. Permiten atender as diferentes demandas de información e coñecemento ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actividades de expansión. Son actividades que, ademais de poder utilizarse como consolidación ou como afondamento e reforzo, serven para "saber máis" e, sobre todo, para "saber mellor".
- Actividades de aplicación. A través deste tipo de actividades, os alumnos "poñen en práctica", organizan, integran ou utilizan os coñecementos adquiridos.
- Actividades de transferencia. Permiten "proxectar" o coñecemento a novas situacións.
- Actividades de síntese. Reúnen e integran varios contidos básicos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Textos filosóficos, literarios e xornalísticos de pouca dificultade. |
| Vídeos didácticos, fragmentos de películas. |
| Documentais e reportaxes. |
| Esquemas e mapas conceptuais. |
| Libros recomendados para consulta. |

Non se empregará libro de texto e todos os materiais serán facilitados polo profesorado da materia en distintos formatos (dixital ou físico).

A aula virtual servirá como recurso fundamental no funcionamento das clases, xa que permitirá o intercambio de material e unha mellor comunicación entre profesorado e alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá nunha posta en común sobre o contido da materia, o traballo realizado en cursos anteriores, as súas expectativas... e realizarase nas primeiras sesións do curso.

Esta avaliación inicial ofrécenos non só coñecementos sobre o grupo no seu conxunto, senón que tamén nos proporciona información sobre diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partir diso podemos:

- Identificar ao alumnado que necesita máis seguimento ou personalización das estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aqueles alumnos con necesidades educativas, altas capacidades e non diagnosticados, pero que requiren atención específica por estar en risco, polos seus antecedentes familiares, etc.).
- Coñecer as medidas organizativas a adoptar (planificación de reforzos, localización de espazos, xestión do tempo en grupo para favorecer a intervención individual). Neste sentido, a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación serán esenciais.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos a empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se empregará con cada alumno/-a.
- Reducir o intervalo de tempo e a forma en que se avaliará o progreso do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 7 | 7 | 9 | 9 | 7 | 9 | 7 | 8 | 7 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | Total |
|-----------------------------|----------|----------|----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 8 | 7 | 7 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 |

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN:

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN SERÁN OS SEGUINTE EN 3º ESO:

A) Actividades realizadas: suporán o 80% da cualificación e serán o resultado da nota media dos cuestionarios e traballos de investigación realizados.

Cuestionarios: Estarán relacionados coa temática traballada na clase e poderán incluír preguntas de varios tipos (resposta curta, múltiple elección...). No enunciado estará especificado o valor de cada pregunta.

Traballos de investigación individuais ou grupais: Estarán relacionados coa temática traballada na clase e serán obxecto dunha exposición oral por parte do alumnado. No caso de non haber exposición oral, esta puntuación engadirase ao contido.

B) Participación e implicación do alumnado: 20% da cualificación. (Debates, postas en común, intervencións axeitadas á temática tratada)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases e mostre un grao mínimo de implicación.

A actitude suponse a correcta e axeitada a un centro educativo, pero en caso de darse algunha conduta disruptiva, o alumnado poderá ser penalizado cun negativo, que restará 0,25 p. na nota media da avaliación.

A nota final do curso será a media aritmética obtida tendo en conta as cualificacións de cada unha das tres avaliacións. Terase en conta a evolución progresiva ao longo do curso.

Redondeo das puntuacións de avaliación:

No caso das puntuacións que teñan decimais, aplicarase o redondeo á alza a partir do 0,5; por exemplo, un 7,5 sería un 8 na cualificación de avaliación.

Criterios de recuperación:

O/A alumno/-a que non obteña un cinco como resultado da devandita operación terá a oportunidade de recuperar a(s) avaliación(s) suspensa(s) mediante unha proba escrita que se realizará nas últimas semanas lectivas do mes de xuño e estará baseada nos contidos e criterios mínimos de avaliación presentes nesta programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Durante o presente ano académico non hai alumnado coa materia de Valores Éticos pendente de superación.

O alumnado que non promocióne e non supere a materia, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dito programa.

O programa de reforzo organizarase para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma.

Para a avaliación da materia teranse en conta os progresos que o/a alumno/-a realice nas actividades do programa de reforzo, así como a súa evolución na materia.

Ademais, na medida do posible, este alumnado recibirá unha atención personalizada por parte do profesorado, procurándose adaptar o material didáctico ás súas necesidades así como ampliar ou reducir bloques de contidos segundo a súa capacidade. E, por suposto, variarase a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno/-a coa finalidade de conseguir unha motivación que permita que supere a materia cunha cualificación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

Na actualidade debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase porque o nivel académico, os intereses, grao de motivación, ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias dos alumnos e alumnas son moi diversos, de aí a necesidade dunha diversidade metodolóxica no proceso de aprendizaxe.

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo, con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden. Polo tanto, as profesoras encargadas de impartir a materia actuarán en consecuencia para atender este abano de alumnado con dificultades e aplicarán as medidas necesarias para a consecución de resultados positivos:

1.-Adaptando o material didáctico.

- 2.-Variando a metodoloxía segundo as necesidades do alumnado.
- 3.-Ampliando ou reducindo bloques de contidos segundo a capacidade do alumnado.
- 4.-Proporcionando actividades de aprendizaxe diferenciadas, de contidos básicos ou de reforzo e ampliación segundo o perfil do alumno flexibilizando o número de actividades propostas así como a data de entrega.
- 5.-Controlando os apuntamentos e a axenda así como o recordatorio da entrega de tarefas, datas de probas obxectivas.
- 6.-Aplicando as medidas específicas para o alumnado con NEAE que figuran nos distintos protocolos da Consellería.
- 7.- Realizando as ACS necesarias, de ser o caso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión lectora traballarase a través de textos filosóficos e artigos de prensa. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita será unha práctica habitual no debate e redacción de comentarios de texto. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A Comunicación audiovisual: a escola debe contribuír a que o alumnado saiba navegar correctamente por Internet. Actualmente, a mocidade sabe manexarse tecnicamente neste eido , pero aínda non son o suficientemente autónomos/-as. Animaremos aos estudantes a buscar información en Internet e presentala , convidándoos a reflexionar sobre a fiabilidade da fonte. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - A competencia dixital tamén estará presente. Adicaremos sesións na biblioteca ou na aula de informática ao traballo de investigación na rede. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial animando e formando ao alumnado para promover a autonomía e o pensamento crítico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico a través de todos os temas e actividades. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A educación emocional e en valores é o centro da materia. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Traballaremos a creatividade nos traballos, nos debates e nas ideas. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Igualdade efectiva de homes e mulleres, dende a sensibilidade e o recoñecemento das moi variadas formas de expresar o sexo e o xénero. A diversidade de homes e mulleres será visible desde a explicación e os exemplos, buscando o equilibrio nos exemplos profesionais. Tratarase a toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista en diferentes espazos e ambientes. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos: Neste eido, procuraremos educar ao alumnado no diálogo. Neste sentido, os exercicios de debate e disertación constitúen un bo adestramento, como invitamos e corriximos para que o alumnado non se limite a defender a súa posición senón tamén a reproducir os argumentos do contrario. A empatía será tamé un centro de reflexión durante todo o curso. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - A comprensión lectora traballarase a través de textos filosóficos e artigos de prensa. | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita será unha práctica habitual no debate e redacción de comentarios de texto. | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.3 - A Comunicación audiovisual: a escola debe contribuír a que o alumnado saiba navegar correctamente por Internet. Actualmente, a mocidade sabe manexarse tecnicamente neste eido , pero aínda non son o suficientemente autónomos/-as. Animaremos aos estudantes a buscar información en Internet e presentala , convidándoos a reflexionar sobre a fiabilidade da fonte. | X | X | X | X | X |
| ET.4 - A competencia dixital tamén estará presente. Adicaremos sesións na biblioteca ou na aula de informática ao traballo de investigación na rede. | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial animando e formando ao alumnado para promover a autonomía e o pensamento crítico. | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico a través de todos os temas e actividades. | X | X | X | X | X |
| ET.7 - A educación emocional e en valores é o centro da materia. | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Traballaremos a creatividade nos traballos, nos debates e nas ideas. | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Igualdade efectiva de homes e mulleres, dende a sensibilidade e o recoñecemento das moi variadas formas de expresar o sexo e o xénero. A diversidade de homes e mulleres será visible desde a explicación e os exemplos, buscando o equilibrio nos exemplos profesionais. Tratarase a toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista en diferentes espazos e ambientes. | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 |
|--|------|-------|-------|-------|-------|
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos: Neste eido, procuraremos educar ao alumnado no diálogo. Neste sentido, os exercicios de debate e disertación constitúen un bo adestramento, como invitamos e corriximos para que o alumnado non se limite a defender a súa posición senón tamén a reproducir os argumentos do contrario. A empatía será tamé un centro de reflexión durante todo o curso. | X | X | X | X | X |

Observacións:

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| 20 de novembro: Día Universal da Infancia. | Trataremos a acollida como forma de altruismo e colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | X | | |
| 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. | Adicaremos unas sesións da unidade 4 a falar dos distintos tipos de violencia. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | X | | |
| 30 de novembro ao 7 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. | Falaremos da democracia e as leis resaltando o noso estatuto de autonomía. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. | Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | X | | |
| 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | Trataremos os dereitos humanos e as liberdades. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | X | | |
| 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz. | Traballaremos pola resolución de conflitos e o diálogo a favor da paz. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | | X | |
| 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar. | Reflexionamos sobre o acoso e a prevención. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | | | X |
| 9 de maio: Día de Europa. | Falaremos da orixe da Unión Europea. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | | | X |
| Mes de xuño: celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito das persoas LGTBIQ+. | Sensibilización ante o colectivo LGTBIQ+ e recoñecemento dos seus dereitos. Colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver. | | | X |

Observacións:

Elaboraranse diversas exposicións e traballos para dar a coñecer os temas tratados á comunidade educativa. Ademais, colaborarase cos equipos de dinamización do centro (extraescolares, biblioteca...) e cos Departamentos Didácticos realizando actividades axeitadas aos distintos proxectos que se están a desenvolver.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Temporalización dos contidos de cada unidade didáctica |
| Consecución dos obxectivos |
| Exposición dos contidos da unidade |

| |
|--|
| Realización de tarefas planificadas |
| Claridade nos criterios de avaliación |
| Uso das diversas ferramentas de avaliación |
| Metodoloxía empregada |
| Estratexias metodolóxicas empregadas |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Recursos |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atención á diversidade |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Intercisciplinaridade |
| Outros |
| Descriptorios acadados |

Descrición:

É deber do profesorado avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación didáctica.

É fundamental avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que o profesorado adopta ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada estándar de aprendizaxe.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica docente ás necesidades específicas do alumnado.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

En función dos resultados desta autoavaliación da práctica docente, o profesorado deber adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades que se vaian presentando ao longo do ano académico.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Como mecanismo principal aplicarase a observación para valorar se o alumnado segue ou non o ritmo da programación e en función diso irase variando ao longo do curso para que todo o alumnado acade os obxectivos marcados.

Outro indicador básico serán os resultados dos/das alumnos/-as e o seu grao de adquisición dos contidos e das

competencias básicas. En función destes datos poderase variar a metodoloxía empregada ou o tipo de actividades a realizar.

Ademais, a final de curso o alumnado responderá a unha enquisa onde se comentarán todos os factores que inflúen nas clases para poder así melloralas baseándonos na súa experiencia. Nesta enquisa poderán tamén engadir as súas propostas de cambio para cursos posteriores.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación física | 3º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 30 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 32 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 33 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 33 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 34 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 35 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 35 |
| 7.2. Actividades complementarias | 36 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 37 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 38 |
| 9. Outros apartados | 39 |

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Educación Física en 3º ESO ten como obxectivos principais consolidar un estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado perpetualo ao longo da súa vida a través da planificación autónoma e da autorregulación da súa práctica física e de todos os compoñentes que afecten a saúde.

A motricidade desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos variados de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer e valorar diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Este coñecemento deberá dirixirse a comprender, entre outros, o lugar que ocupa o deporte nas sociedades actuais, así como as súas implicacións no ámbito.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo do curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

No curso actual 3º de ESO está formado por un grupo de 21 alumnos. En xeral o progreso foi bo no curso pasado, hai 2 alumnos/as con TDAH e un alumno con TDAH e dificultades de aprendizaxe, so 1 alumno está exento de francés.

Características das instalacións para desenvolver a materia nestes cursos:

Para as actividades da materia de Educación Física o centro dispón da posible utilización do Ximnasio, Pavillón Polideportivo, piscina descuberta e Campo de Fútbol de herba artificial de titularidade do Concello.

- Características das instalacións e dispoñibilidade das mesmas.

As instalacións son moi boas e están a disposición do noso centro no período lectivo. Compartimos ditas instalacións entre as dúas profesoras de educación física de secundaria e co profesor de educación física de primaria.

Características da contorna:

O C.P.I. Plurilingüe Antonio Orza Couto está situado no concello de Boqueixón, acolle a alumnado procedente do Concello, exceptuando o da parroquia de Lestedo que na súa inmensa maioría desprazase o C.P.I. de Vedra. O ámbito de influencia do centro ten un carácter eminentemente rural e con baixa densidade de poboación.

A maioría do alumnado escolarízase non noso Centro desde a Etapa de Educación Infantil ata a E.S.O., agás aqueles que proceden de parroquias con outros centros: C.R.A. de Boqueixón-Vedra en Camporrapado, Sergude, que se incorporan en 1º de Primaria. En Educación Infantil incorporase alumnado procedente das parroquias de Loureda (San Pedro), Lamas (Santa Marta), Vigo (Sata Baia), Gastrar (Santa Mariña), Boqueixón (San Vicente), A Granxa (San Lourenzo), Codeso (Santaia), Donas (San Pedro), Ledesma (San Salvador). Moito previamente matriculado na Escola Infantil Municipal Raiña Lupa da parroquia de Lestedo.

Historicamente, Boqueixón foi un concello de tradición agrícola-gandeira. Hoxe son tamén moi importantes as industrias de transformación de produtos agrícolas e gandeiros: queixerías, avícolas, hortalizas,... ó que se engaden a industria madeireira e mineira.

A nivel lingüístico, destaca o uso maioritario da lingua galega, segundo os últimos estudos realizados nas enquisas cas familias.

A lingua na que se imparte a materia será o castelán.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida. | 3 | | 2-5 | 4 | 2-4 | | | |
| OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos. | | | | | 4-5 | | 2-3 | |
| OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa. | 5 | 3 | | | 1-3-5 | 3 | | |
| OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais. | | 3 | | | | 2-3 | | 1-2-3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano. | | | 5 | | | 4 | 1-3 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | APRENDEMOS A ADESTRAR | Nos bloques de vida activa e saudable e resolución de problemas en situacións motrices, coas pautas xa traballadas en cursos anteriores, o alumnado comeza coa autonomía a preparar o seu propio adestramento, experimentando diferentes sistemas de traballo. Nesta unidade incluiremos contidos relacionados coa ergonomía en actividades cotiás, a alimentación e a identidade corporal. | 17 | 11 | X | | |
| 2 | COORDINÓME CON RÍTMO | Traballo de técnicas específicas de expresión corporal e práctica de actividades rítmico-musicais. Creación e representación de composicións individuais e colectivas. Danza, mimo, traballo xestual e tamén teatral. | 14 | 10 | X | | |
| 3 | REPASAMOS PRIMEIROS AUXILIOS | Continuidade, reforzo e ampliación dos contidos do bloque de Organización e xestión da actividade física relacionados cos primeiros auxilios, procurando darlle máis protagonismo ao alumnado nas actuacións ante accidentes. | 4 | 3 | X | | |
| 4 | XOGAMOS | Dando continuidade as unidades didácticas desenvolvidas nos dous primeiros cursos, posto que consideramos o xogo un medio fundamental nesta materia, propoñemos un novo contido relacionado cos xogos malabares, donde a fabricación e preparación do material é un | 9 | 6 | | X | |
| 5 | ORIENTACIÓN | Unidade motriz como traballo de práctica dun deporte para o desenvolvemento de resolución de problemas en situacións | 15 | 11 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | ORIENTACIÓN | motrices e organización da práctica motriz. | 15 | 11 | | X | |
| 6 | DEPORTE DE RAQUETA: O BÁDMINTON | Busco que o alumnado asuma as funcións que ten dentro do grupo de traballo, que desenvolva unha actitude tolerante como participante e espectador, que aprenda a usar as TICs para buscar información sobre o bádminton, así como coñecer a súa capacidade de aplicar diferentes estratexias de xogo no bádminton | 10 | 7 | | X | |
| 7 | PRACTICAMOS UN DEPORTE COLECTIVO | Segundo coa dinámica de cursos anteriores, traballaranse os contidos de Interacción social e resolución de problemas en situacións motrices a través dunha proposta dun deporte colectivo non traballado antriormente. O Rugby pode ser un bo recurso para este curso. | 17 | 12 | | | X |
| 8 | SENDEIRISMO | O coñecemento da contorna e as posibilidades que ofrece para a práctica de actividade física é unha boa posibilidades para o traballo do bloque sexto. | 5 | 4 | | | X |
| 9 | PRACTICAMOS NATACIÓN | Resolución de situacións motrices e retos en diferentes contextos. Valoraranse as posibilidades do entorno próximo, ou mesmo do propio centro educativo para a practica de por exemplo o parkour. | 9 | 6 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1 | APRENDEMOS A ADESTRAR | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal. | Autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde. | | |
| CA1.2.1. - Incorporar de forma autonoma procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. | Incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade. | Adoptar actitudes que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde. | | |
| CA1.4 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | | |
| CA2.2 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | | |
| CA2.3 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas. | Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices | | |
| CA3.1 - Desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | Desenvolver a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte. | | |
| CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado. | Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo. | | |
A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual busca o desenvolvemento das capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes visuais, algo importante para o alumnado que necesita comprender, interpretar e ser crítico coa realidade, cada vez máis configurada como un mundo de imaxes e obxectos. Ao mesmo tempo, persigue potenciar o desenvolvemento da imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional a través do uso de recursos plásticos, visuais e audiovisuais como recursos expresivos, contribuíndo ao desenvolvemento integral do alumnado e fomentando a súa capacidade de apreciación da contorna natural, social e cultural.

A linguaxe que se traballa necesita de dous niveis interrelacionados de desenvolvemento: o saber ver e percibir para comprender, e o saber facer para expresarse, coa finalidade de comunicarse de maneira creativa. Para concretar estes saberes, o legado histórico, natural e cultural de Galicia será un eixo importante no desenvolvemento do proceso de maneira que artistas galegos e galegas terán un papel de destaque, aínda que tamén serán referentes os e as artistas universais de varios países ou rexións de España (académicos/as e contemporáneos/as) en todos os campos da creación artística. Con iso quérese contribuír de maneira incisiva na formación cultural e artística do alumnado facilitándolle acceder á comprensión, valoración e goce do mundo no que se atopa, promovendo a participación activa e consciente na súa cultura e sociedade.

No 3º da ESO os alumnos e alumnas retoman o contacto co universo desta materia xa que non na cursan no 2º. Necesitan ser estimulados respecto á súa creatividade, incentivados a traballar e a expor seus traballos con naturalidade, sen prexuízos nin vergoña ó mostrar o seu proceso creativo ou o traballo plástico finalizado.

No mundo actual, as mensaxes que nos chegan pola canle visual son moi superiores ao fluxo que percibimos polos outros sentidos. A creación e a exposición ás múltiples manifestacións visuais xeran a necesidade dunha educación que faga fronte a esta “sociedade de imaxes”. É necesario educar para saber ver e percibir, distinguindo sentimentos, sensacións, ideas e calidades contidas nas formas e na contorna. O estudo da imaxe nos diferentes ámbitos (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais de diferentes maneiras, de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Aos alumnos e alumnas desta etapa, proporciónaselles o entendemento sobre o universo da imaxe, sobre contidos, materiais e técnicas. Ofréceselles un conxunto amplo de experiencias de aprender e crear, articulando percepción, imaxinación, sensibilidade, descubrimento, interpretación, coñecemento e produción artística; e posibilítaselles desenvolver capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes visuais.

O traballo destaca os aspectos esenciais da creación e da percepción estética dos alumnos e alumnas, potenciando o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade, favorecendo o razoamento crítico ante a realidade plástica, visual e social; e dotándolles das destrezas necesarias para usar os elementos plásticos como recursos expresivos. Todo iso predispón ao alumnado para o gozar da contorna natural, social e cultural contribuíndo incisivamente na apropiación de contidos imprescindibles para a cultura do cidadán contemporáneo.

Finalmente, preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais. Procurase que adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual

como elemento de comunicación. É unha materia que colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación. | 1 | 3 | | | 1-3 | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos. | 1 | | | | 1-3 | 1-3 | | 1-3 |
| OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio. | 1-2 | | | 1 | 4 | 1-3 | | 2 |
| OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas. | 2 | 3 | | 1-2 | 3 | 3 | | 2 |
| OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza. | 1-2 | | | | 1-3-4 | 3 | | 3-4 |
| OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social. | 2 | | | 1 | 3 | 1 | | 1-3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-----|-----|------|
| OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico. | 2-3 | | 3 | 1-5 | | 1-3 | | 4 |
| OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal. | 1 | | 2-3 | 3 | 3-5 | | 1-3 | 4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva. | Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego. | Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego. | 15 | 10 | X | X | X |
| 3 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións. | Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. | 15 | 12 | X | X | X |
| 4 | O proceso creativo. | Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. | 15 | 8 | X | X | X |
| 5 | A xeometría nos obxectos, na | A xeometría na natureza, na arquitectura e | 10 | 8 | | X | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | arte e na contorna natural. | no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introducción ás tanxencias e enlaces. | 10 | 8 | | X | X |
| 6 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións. | O volume: exemplos e características expresivas. | 10 | 8 | | X | X |
| 7 | Sistema diédrico: vistas. | Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. | 10 | 6 | | | X |
| 8 | Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación. | Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. | 15 | 8 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva. | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias. | Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias. | TI | 100 |
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica. | | |
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural. | Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural. | | |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego. | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero. | Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte. | Valorar a importancia do patrimonio universal e galego a través do coñecemento de obras de arte e a a súa conservación. | | |
| CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural. | | |
| CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio. | Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero. | | |
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta. | Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte. | | |
| CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais. | Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <p>- Os xéneros artísticos.</p> <p>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.</p> |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 3 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | TI | 100 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural. | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal. | | |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 4 | O proceso creativo. | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | TI | 100 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Expresar mínimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica. | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal. | | |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. |
| - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 5 | A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas. | Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna. | TI | 100 |
| CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos. | Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte. | | |
| CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño. | Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. | | |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | | |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade. | | |
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta. | | Baleiro | 0 |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 6 | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | TI | 100 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural. | | |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal. | Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal. | | |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado. | | |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 7 | Sistema diédrico: vistas. | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico. | PE | 30 |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional. | TI | 70 |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 8 | Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación. | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais. | Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias. | TI | 100 |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | | |
| CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal. | Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal. | | |
| CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado. | | |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade. | | |
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º. Seguirase profundando no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundarase nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula de maneira que, en cada unidade pódese empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda da profesora.

Son utilizadas distintas metodoloxías en acorde coa necesidade das propostas, como:

1) Exposicións orais por parte da profesora que irán acompañadas de distintos recursos que sirvan de apoio para a comprensión e asimilación dos contidos por parte dos alumnos: presentación de diapositivas con Power-point, fotocopias, libros, lousa tradicional, taboleiro dixital interactivo, vídeos. Durante esta fase o alumnado deberá prestar atención e desenvolver a súa capacidade de observación. Proponse tamén a análise de obras plásticas coa participación dos propios alumnos, que poderán achegar así os seus coñecementos previos.

2) Actividades prácticas que se desenvolveran na aula. Durante a súa realización a profesora observará o rendemento e a evolución dos traballos de forma individualizada, resolvendo as dúbidas e dificultades que o alumnado teña, fomentando o gusto polo proceso creativo. Tentarase que as actividades sexan abertas e variadas para que se cubran as diferentes expectativas individuais: uso de técnicas e materiais novos, experimentación e motivación nos procesos creativos.

3) O emprego das T.I.C. levarase a cabo como medio para aprender e como apoio no proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido hai que destacar a importancia crecente das imaxes dixitais, creadas por computador polo que traballarase tamén con ferramentas on line (Canva, Padlet, Genyalli...) e programas informáticos básicos (Paint, PowerPoint, Gimp, Google Sketch-Up...).

4) Organización de exposicións dos traballos feitos en clase para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.

5) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios, a realizar sempre nas horas lectivas, teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquexos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos. |
| Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla. |
| Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra. |
| Aula informática do centro. |
| Materiais para estampa e gravado. |
| Materiais para modelado. |
| Libros de arte para poder consultar, tanto de temas técnicos como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc |

Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.

Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia impartirase na aula taller do Centro que conta con un espazo diferenciado onde pódese realizar traballos prácticos, atender ás explicacións da profesora, compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. O alumnado deberá achegar material propio, aínda que na aula disporá do seguinte material, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Témperas e acuarelas
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Regra, escuadra e cartabón.
- Compás.
- Revistas para recortar

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Será útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula ademais de facilitar o axuste da actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información abarca a realización de unha proposta práctica que versa sobre un traballo en A4 a partir de unha pequena introdución teórica con imaxes que alude a contidos tratados no 1º da ESO, ademais de contidos a tratar no curso. Este traballo aborda lectura e interpretación de obra de arte, debuxo, técnicas expresivas, cor e composición; tendo como fin recoller información sobre os coñecementos previos e sensibilizar ao alumnado cara a práctica da linguaxe visual e plástica, necesaria para a correcta evolución da materia. Se levará cabo na primeira semana do curso.

As conversas informais co alumnado, a reunión de avaliación inicial co equipo docente e co Departamento de Orientación, así como a información achegada polo titor do grupo, axudarán a completar a información recollida.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 15 | 15 | 15 | 10 | 10 | 10 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 30 | 0 | 3 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 70 | 100 | 97 |

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%

b) Participación e implicación durante as clases: puntualidade nas entregas, participación na plataforma virtual, uso e organización do material e do espazo da aula. . Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%

É importante que se cumpran as instrucións dadas pola profesora en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación, se aplicarán en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Versarán sobre:

- Aplicación correcta das técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexo dos materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplicación correcta dos elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- Nivel de capacidade de expresión con corrección en acorde cos conceptos sobre os que se traballa e co proceso seguido na realización da práctica.
- Acabado e presentación correcta do traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecuación ás instrucións e condicións postas pola profesora e seguimento do proceso de traballo de maneira correcta.
- Nos traballos realizados en grupo, responsabilidade á hora de levar a cabo as tarefas asignadas a súa participación respecto ao seu compromiso e actitude.
- Entrega das tarefas en prazo.

CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media aritmética dos 3 trimestres.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O alumnado pode ir superando as dificultades en canto son detectadas, e que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos polo que, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados.

Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores no computo da nota do trimestre.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas pola profesora.

Observación: durante todo tempo de desenvolvemento das actividades, nos distintos trimestres e ata a avaliación final, a profesora fará as propostas de recuperación de traballos acompañadas de un repaso dos contidos teóricos relacionados por medio de fichas de apuntes e exercicios, que axudarán ao alumnado na súa recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo dirixido e levado a cabo pola profesora de Plástica que estará a disposición para atender o alumnado, cando necesite, de preferencia durante os recreos, permanentemente pola aula virtual do curso correspondente e puntualmente durante as clases de plástica (cando se de o caso de que o alumno ou alumna este cursando a materia no curso en desenvolvemento: obrigatoriamente no 3º e de maneira optativa en 4º).

Entregaránselle ao alumando, no decorrer de cada trimestre, fichas con propostas que abordan os obxectivos mínimos esixibles. Estas actividades deberán ser realizadas na casa e serán recollidas dentro do prazo especificado, sendo corrixidas e comentadas co alumnado.

O alumnado contará tamén coa aula virtual onde encontrará material de apoio para facer as propostas prácticas.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico. É importante que se cumpran as instrucións dadas pola profesora en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións.

Valorarase a execución correcta das propostas, o acabado e o interese que manifieste o alumno na materia durante o desenvolvemento do plan de recuperación.

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumno deberá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica que versará sobre os contidos mínimos.

6. Medidas de atención á diversidade

Haberá flexibilidade á hora de adaptar a programación, especialmente a metodoloxía, adoptándose medidas de carácter preventivo en función das necesidades do alumnado. A Educación Plástica Visual e Audiovisual é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe.

Partirase dunha detallada avaliación inicial para coñecer o alumnado xa que a cada curso pódese enfrontar ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén terase en conta a posibilidade de se atopar con alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Finalmente tamén se adoitarán medidas para o alumnado de altas capacidades.

Conscientes de que se persigue acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, ofertarase unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilización de multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- Tratarase de favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favorecerase o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaranse as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceranse os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lle garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favorecerase a continuidade na materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Posibilidade de colaboración con profesores e profesoras de materias afíns e complementarias a hora de abordar proxectos conxuntos.
- Frecuente comunicación coas familias nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais xa que poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos e fillas. Contacto e intercambio de información cos profesionais que asesoran ás familias (cando se de o caso) á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura. | | X | | X | | | | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual. | | X | | X | | | | X |
| ET.4 - Competencia dixital. | | X | | X | | | | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. | X | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollese neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que considerase importante para a materia e a formación do alumnado.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trátase de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentanse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna. | Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, sala de exposicións, etc., con eventos temporais ou exposición de acervo- | X | X | |
| Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares. | Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.. | X | X | X |
| Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado. | Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionadas coa materia. | | X | X |
| Participación en premios e certames artísticos | Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén. | | X | X |

Observacións:

Trátase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso pero poderán producirse cambios en función das actividades e exposicións ofertadas ao longo do ano. Farase ao menos unha visita específica da área por ano con cada curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora. |
| (P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adaptación. |

| |
|---|
| (P) - Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos. |
| (AD) Para coñecer a composición da clase propoño un traballo cando comeza o curso/ leo os informes anteriores / vexor os resultados da avaliación /recollo información co titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a. Recollo información nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...) |
| Metodoloxía empregada |
| (P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación. |
| (M) Os exercicios que propoño son abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. |
| (M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará... |
| (A) Utilizo Traballo individual e Traballo en equipo. |
| (A) Para medir os resultados teño en conta o avance, considerando a situación de partida. |
| (A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias. |
| (A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| (M) Na metodoloxía que aplico: emprego varios tipos de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. Tamén propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma |
| (M) O alumnado traballa: individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes. |
| Medidas de atención á diversidade |
| (AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc. |
| (AD) A miña programación ten en conta a diversidade. |
| (A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado. |
| (AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: no grupo grande e de xeito individual. |
| Clima de traballo na aula |
| (M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas. |

Descrición:

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente, tense en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores consistiran en:

- folla de rexistro para anotar os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

A programación poderá ser consultada polo alumnado e os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula web do Centro.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Física e química | 3º ESO | 2 | 70 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 15 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 24 |
| 9. Outros apartados | 24 |

1. Introducción

O currículo da materia de Física e Química persegue que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas da sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.

Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados tanto para a produción individual coma en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.

Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, no desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico competencial, para así ir máis alá dunha mera comprobación da memorización de conceptos.

A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico da materia, sendo necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes.

Nese bloque, denominado «As destrezas científicas básicas», establécese, ademais, a relación das ciencias experimentais cunha das súas ferramentas máis potentes, as matemáticas, que ofrecen unha linguaxe de comunicación formal e que inclúen coñecementos, destrezas e actitudes previos do alumnado, xunto con outros que se adquiren ao longo desta etapa educativa. Así mesmo, tamén se incide no papel destacado da muller ao longo da historia da ciencia, como forma de poñelo en valor e de fomentar novas vocacións femininas cara ás ciencias experimentais e cara á tecnoloxía.

No bloque «A materia», englobanse coñecementos básicos sobre a constitución interna das substancias, o que inclúe a descrición da estrutura dos elementos e dos compostos químicos e as propiedades macroscópicas e microscópicas da materia.

No bloque «A enerxía», o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu en 2º de ESO, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.

Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á creación dun mundo mellor.

Os 4 bloques repártense en cinco unidades didácticas :1.- Destrezas científicas, 2.- Os cambios, 3.- O átomo, 4.- Natureza eléctrica da materia e 5.- A reacción química.

A metodoloxía utilizada inscribese no marco determinado polo modelo DUA, que se desenvolve con máis detalle no apartado de atención á diversidade desta programación. Neste sentido, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades. Tamén se potenciará o uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana. | 1 | | 1-2-4 | | 4 | | | |
| OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas. | 1-3 | | 1-2 | 1 | 4 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas. | | | 4-5 | 3 | 2 | 1 | | 2-4 |
| OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe. | 2-3 | | 4 | 1-2 | 3 | | 3 | 4 |
| OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente. | 5 | 3 | 3-5 | 3 | 3 | 3 | 2 | |
| OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social. | | | 2-5 | 4 | 1-4 | 4 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Destrezas científicas | <p>Esta unidade didáctica tratarémola como secuencial aínda que os seus CA teñen carácter transversal, polo que deberán ser traballados ao longo de todo o curso. Aínda así, enténdese que merece un primeiro tratamento específico no que se incidirá en: O método científico. Elaboración e confirmación de hipóteses. A argumentación.</p> <p>O sistema internacional de unidades. O traballo experimental. Laboratorios e normas de seguridade. Contornos virtuais. Desenvolveranse diferentes experiencias no laboratorio (por exemplo un estudo da flotabilidade) e tamén en contornos virtuais que promovan a argumentación na aula. O alumnado presentará os resultados das experiencias utilizando diferentes formatos e medios.</p> | 18 | 14 | X | X | X |
| 2 | A materia | <p>Nesta unidade didáctica introdúcese a estrutura atómica. Estudarán os principais compostos químicos e utilizarán as regras de nomenclatura IUPAC para nomear substancias simples.</p> <p>Utilizaranse diferentes modelos moleculares, algún deseñado polo alumnado, para representar as moléculas facilitando a decodificación.</p> | 22 | 18 | X | | |
| 3 | Os cambios. A reacción química | <p>Nesta unidade introdúcese o estudo dos cambios que experimentan os sistemas materiais centrándose na reacción química. Preséntase unha interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas facendo fincapé na relación da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. Estudarase a lei de conservación da masa e a lei das proporcións definidas e a súa importancia a efectos de validar o modelo atómico-molecular. Rematarase facendo unha análise dos factores que afectan ás reaccións químicas e a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia. Como actividade proporase a procura de información sobre temas tales como o tratamento de augas residuais,</p> | 25 | 16 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Os cambios. A reacción química | funcionamento dunha depuradora, tratamento de residuos e a posterior elaboración dunha presentación sobre a que terá lugar un debate. Así mesmo, levaranse a cabo no laboratorio reaccións con desprendemento de gases e formación de precipitados, que permitan verificar a lei de conservación da masa. | 25 | 16 | | X | |
| 4 | Natureza eléctrica da materia | Nesta unidade didáctica introdúcese a natureza eléctrica da materia, a electrización dos corpos e a carga eléctrica. Estúdase a corrente eléctrica e a construción de circuitos eléctricos. Así mesmo, traballarase con circuítos eléctricos no laboratorio e en contornas virtuais que promovan a argumentación na aula., para obter a lei de Ohm e estudar a asociación de resistencias en serie e en paralelo. O alumnado presentará os resultados das experiencias utilizando diferentes formatos e medios. | 18 | 12 | | X | X |
| 5 | Enerxía eléctrica | Nesta unidade didáctica faise unha análise das vías de obtención de enerxía eléctrica e abórdase a cuestión do aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente. Como actividade proporase a procura de información sobre a obtención de enerxía eléctrica e a elaboración dunha presentación sobre a que se levará a cabo un debate. | 17 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1 | Destrezas científicas | 14 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas. | Formula cuestións científicas e emite hipóteses coherentes co coñecemento científico existente, así como diseña unha estratexia de indagación. Asociado aos contidos C1.1. e C1.2. | PE | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Ante unha hipótese formulada diseña unha estratexia de indagación adecuada para comprobala ou refutala. Asociado aos contidos C1.1 e C1.2 e os subcontidos C.1.3.2 e C.1.4.2. | TI | 85 |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Utiliza adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluíndo o uso de unidades e ferramentas matemáticas. Asociado ao contido C1.5. | | |
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións. | Segue as instrucións do profesorado no uso das instalacións e, en concreto, dos laboratorios. Asociado aos subcontidos C1.3.1 e C1.4.1 | | |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante. | Manexa libros texto e recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e en equipo. Asociado ao contido C.1.6 | | |
| CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva. | Consulta información seleccionando fontes fiables e crea contidos utilizando libros de texto e buscadores de información en internet. Asociado ao C1.6 na presentación dun traballo sobre C1.7. | | |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia. | Participa de forma activa e construtiva en actividades en grupo cos seus compañeiros e compañeiras. | | |
| CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade. | Participa de forma activa e guiada en proxectos de aprendizaxe e servizo. Asociado ao contido C1.6. | | |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente. | Coñece feitos e a súa repercusión na sociedade. É consciente da importancia da participación da muller na construción da ciencia. Asociado ao C1.6 na presentación dun traballo sobre C1.7. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. - Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento |

Contidos

- lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.
- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.
- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: Os laboratorios (Materiais, substancias)
- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: Contornas virtuais (Ferramentas tecnolóxicas)
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.
- Normas de seguridade nas redes.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | A materia | 18 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolve problemas asociados cos subcontidos C2.1.1, C2.1.2, C2.1.3, C2.2.1, C2.2.2 e C2.2.3. | PE | 57 |
| CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos subcontidos C2.1.1 (caixa negra) e C2.2.2 (Propiedades de compostos químicos). | | |
| CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. | Formula e nomea substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC. Asociado ao contido C2.3. | | |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais. Asociado aos contidos C2.1.2 (radioactividade) e C2.1.3 (semicondutores). | TI | 43 |
| CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos, entre outros. Asociado ao subcontido C2.2.2 (propiedades e aplicacións de compostos químicos). | | |
| CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción. | Recoñece o desenvolvemento histórico dos modelos atómicos e da ordenación dos elementos na táboa periódica. Asociado ao subcontido C2.1.1. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica. - Desenvolvemento histórico dos modelos atómicos. - Existencia, formación e propiedades dos isótopos. Isótopos radioactivos. - Ordenación dos elementos na táboa periódica. - Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular. - Formación dos principais compostos químicos: Tipos de enlace. - Propiedades físicas e químicas e aplicacións dos principais compostos químicos. - Significado e determinación de masa atómica e masa molecular. - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 3 | Os cambios. A reacción química | 16 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
|------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Identifica e comprende cambios físicos e químicos cotiáns relevantes. Asociado ao contido C4.1 (os cambios). | PE | 50 |
| CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolve problemas utilizando as leis e as teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C4.2.1 e ao contido C4.3 (axustes, estequiometría, uso de modelos). | | |
| CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, fórmulas, modelos e símbolos entre outros. Asociado ao contido C4.4 e o subcontido C4.2.2 (Industria química e progreso). | | |
| CA4.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | Detecta situacións problemáticas relacionadas cos cambios químicos e descríbeseas proponendo solucións. Asociado ao subcontido C4.2.2 (Impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre...). | TI | 50 |
| CA4.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír a solucionar problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos. | Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono). | | |
| CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos contidos C4.3, C4.4 e ao subcontido C4.2.1 (estudo experimental de reaccións químicas). | | |
| CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono). | | |
| CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: uso de modelos, axustes. - Explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 4 | Natureza eléctrica da materia | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.2.1. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolve razoadamente problemas relacionados coa natureza eléctrica da materia, utilizando as leis e as teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao contido C3.2. | PE | 28 |
| CA3.1.1. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa natureza eléctrica da materia. Asociado ao subcontido C3.1.1. (electroscopio e outros fenómenos electrostáticos). | TI | 72 |
| CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias para comprobalas. Asociado ao contido C3.2. (construción de circuitos. Estudo de asociación de resistencias) | | |
| CA3.5.1. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos entre outros. Asociado ao subcontido C3.1.2 (condutores e illantes). | | |
| CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|-------------------------------|-----------|----------|
| CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - A carga eléctrica. - Corrente eléctrica. Cargas en movemento a través dun condutor. Condutores e illantes. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - Circuitos eléctricos. Lei de Ohm - Construción de circuitos con asociación de resistencias en serie e en paralelo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | Enerxía eléctrica | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2.2. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía eléctrica, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | Resolve problemas referidos á enerxía eléctrica utilizando as leis e as teorías adecuadas, e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C3.2.3 (Potencia e enerxía). | PE | 28 |
| CA3.5.2. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía eléctrica nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos, entre outros. Asociado ao contido C3.3 (comparativas de consumo e o aforro de enerxía no mundo). | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|---------|----|
| CA3.1.2. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relativos á enerxía eléctrica. Asociado ao contido C.3.2 (Centrais eléctricas, transformación da enerxía eléctrica , máquinas eléctricas..). | TI | 72 |
| CA3.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | Detecta na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención da enerxía eléctrica e descríbeas propoñendo solucións. Asociado ao contido C3.3 (aforro de enerxía eléctrica). | | |
| CA3.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á solución de situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica. | Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados coa obtención da enerxía eléctrica. Asociado ao subcontido C3.2.4 (aforro de enerxía eléctrica na casa, na escola...). | | |
| CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo. | Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados coa obtención da enerxía eléctrica. Asociado ao subcontido C3.2.4 (aforro de enerxía eléctrica na casa, na escola...). | | |
| CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns. | Detecta na contorna a necesidade do aforro enerxético e da conservación sostible do medio ambiente. Asociado ao contido C3.3. | | |
| CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | | Baleiro | 0 |
| CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. | | | |
| CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade. | | | |
| CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos.
- Enerxía eléctrica: obtención. Unidades de enerxía. Potencia eléctrica.
- Transformación da electricidade en movemento, luz, son, calor... Máquinas eléctricas.
- O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA, que se desenvolve con máis detalle no apartado de atención á diversidade desta programación. Neste sentido, e acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, porase énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos e todas desenvolvan as destrezas características da ciencia.

Cómpre ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación, a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes, precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, en todas as unidades didácticas incluíranse: prácticas de laboratorio, experiencias en contornos virtuais, así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles (recóllense nas descrições das unidades didácticas). Guiados polo modelo DUA facilitarase que o alumnado poida seleccionar entre distintas actividades e distintos contornos.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos, que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas, e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

En relación con esta última cómpre indicar que a aplicación das tecnoloxías dixitais xunto aos principios do DUA permiten un elevado grao de personalización do currículo fundamental nun ensino inclusivo que debe proporcionar a todas as persoas oportunidades equitativas para aprender.

Para dar resposta ao indicado no CA1.6 "Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva" propóranse traballos de busca de información sempre que sexa posible e, en todo caso, nas unidades didácticas 4 (obtención de enerxía eléctrica) e 5 (funcionamento de depuradoras, tratamento de augas, tratamento de residuos). Preténdese, ademais, a realización de actividades de carácter

interdisciplinar que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da física e da química

Potenciarase o traballo tanto colaborativo como cooperativo deseñando plans de equipo que permitan asegurar o correcto funcionamento deste, seguindo o indicado no CA1.7 "Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia".

Sempre que sexa posible e no caso de poder avaliarse o mesmo criterio de avaliación dentro dunha unidade didáctica de formas distintas, permitirase ao alumnado elixir entre as diferentes vías de avaliación, coa condición de que ao longo do curso as utilice todas. Preténdese flexibilizar o currículo para achegalo a todos os alumnos e alumnas.

Promoverase o modelo de aula invertida, ou modificacións deste, utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA, co obxectivo de transformar a aula nun espazo de aprendizaxe colectiva.

No apartado de atención á diversidade recóllense outras moitas concrecións metodolóxicas que se deberán especificar na programación de aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Recursos: Aula, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, tablets, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis... |
| Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares... |

A maioría do material e dos recursos descritos non precisan descrición. Indicar que estarán ao servizo da aprendizaxe de todo o alumnado seguindo o modelo DUA.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 2ºESO).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 2º de ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 18 | 22 | 25 | 18 | 17 | 100 |
| Proba escrita | 15 | 57 | 50 | 28 | 28 | 38 |
| Táboa de indicadores | 85 | 43 | 50 | 72 | 72 | 62 |

Criterios de cualificación:

Tendo en conta cada un dos CA das unidades didácticas. A avaliación do alumnado será como sigue:

En cada período de avaliación a materia será valorada da seguinte forma:

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensan as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais,

booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Libro de texto. Editorial Oxford |
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente. |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúbdas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará dunha actividade de escrita creativa a partir do concepto "Autorretrato literario" que permitirá saber o nivel de coñecementos lingüísticos do alumnado así como a súa expresión oral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 10 | 10 | 15 | 10 | 10 | 15 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 70 | 60 | 70 | 70 | 70 | 90 | 65 | 0 | 65 | 60 |
| Táboa de indicadores | 30 | 40 | 30 | 30 | 30 | 10 | 35 | 100 | 35 | 40 |

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba/s orais ou/ escrita/s. (60% da nota final)

b) Traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortésia lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, que terán un peso do 40% restante coa seguinte distribución:

-Traballo ou proba de lectura. Cada trimestre se leerá unha lectura (clásica ou xuvenil) que será avaliada por medio dun control. Se o profesor o considera oportuno, pode optar por outras medidas para valorar a lectura, como preguntas orais, traballos ou elaboración de resúmenes con certa periodicidade. (15% da nota final).

--Traballos escritos/orais (redaccións e outros), exercicios, presentacións...cunha valoración do 25% da nota final. Inclúense actividades de comunicación oral de diferente tipo (lecturas, chamadas, exposicións, presentacións, etc.). As actividades orais e escritas poderán referirse a calquera aspecto da asignatura, incluíndo tamén as lecturas.

O traballo de aula e o estudo e a realización das tarefas en casa considéranse un deber por parte do alumnado. A atención, o uso da lingua castelá, a interacción positiva cos compañeiros e, en xeral, a boa actitude cara a materia considérase xunto co estudo e a realización das tarefas de casa unha obriga para o bo funcionamento da aula e unha condición necesaria para progresar na aprendizaxe da materia. Polo tanto, o departamento establece que calquera falta que o profesor detecte neste sentido por parte do alumnado conllevará unha penalización. Así, cando un alumno non traia as tarefas de casa feitas, non atenda en clase, teña unha actitude negativa puntual ou non participe nas

actividades propostas, será penalizado cunha falta que equivale a 0,25 menos na súa nota da avaliación por cada negativo.

- Non presentar un traballo de carácter obrigatorio ou non ter lido un libro de lectura obrigatoria conlevará unha cualificación de 0.

- Copiar nunha proba escrita presencial, conleva unha cualificación (0) na mesma.

- A cualificación de 0 nalgún dos bloques de contidos (comentario de texto, ortografía, gramática e/ou literatura) reflectidos nos exames poderá conlevar unha cualificación negativa na avaliación.

- Na nota final de curso se terá en conta a progresión do alumno ao longo do mesmo (notas das avaliacións).

Na cualificación das probas escritas valoraranse positivamente os seguintes aspectos:

1.- Adecuación pregunta/resposta.

2.- Corrección formal e ortográfica. As faltas de ortografía e as incorreccións de expresión e redacción incidirán negativamente na nota a razón de 0,2 puntos por cada falta. De la misma manera, se restará 0, 1 en caso de uso incorrecto o no uso frecuente de las tildes ata acumular un máximo de vinte. Nos exercicios de ortografía cada incorrección restará 0.25 puntos, de forma que con catro erros o exercicio queda invalidado.

3.- Capacidade de síntese.

4.- Capacidade de definición dos conceptos específicos de cada curso.

5.- Capacidade de argumentación e razoamento.

6.- Presentación e caligrafía

É evidente que a avaliación é continua e que, polo tanto non se farán recuperación durante o curso, aínda podemos atoparnos con situación especiais, onde o profesor pode considerar oportuno facer recuperación ao final ou durante o curso. A nota da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións (1ª, 2ª,3ª) tendo valor dobre o da terceira.

Para o alumnado que non superara a materia despois de facer as medias das tres avaliacións haberá unha proba de recuperación antes da avaliación final baseada na materia impartida durante o curso. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

O alumnado coa materia pendente deberá alcanzar unha avaliación positiva nos cadernos trimestrais con actividades relativas ao currículo da materia Lingua Castelá e Literatura de 2º ESO, que deberán ser entregados antes de cada avaliación. O profesorado supervisará quincenalmente o traballo feito polo alumno, de tal xeito que poderá solventar as dúbidas que se presenten. Os contidos de lingua ampliáanse no curso actual do alumno, é dicir, 3º ESO, polo que temén servirán de repaso á materia pendente. Como os contidos en lingua castelá son progresivos, asignaráselle como nota de 2º ESO en cada avaliación un punto máis da nota obtida en 3º ESO. Deste xeito, se o alumno alcanza unha puntuación de catro na avaliación do curso superior, quedaralle aprobada a materia pendente.

En caso de non ter aprobada por avaliacións a materia de 2º ESO, ao final de curso se lle dará opción de facer un exame específico sobre os contidos mínimos de 2º ESO. Para superar a materia terá que obter neste exame escrito unha nota superior ao 4,5.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de

protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X | | | | | | | |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | | | | | X | | | |
| ET.3 - Formación estética | | | | | | X | | X |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | X | | | | | | | |
| ET.5 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais | | | | | | | | X |
| ET.6 - Liberdade de expresión | X | | | | X | | | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X | X | X | | | |

| | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos | X |
| ET.2 - Educación cívica e en valores | X |
| ET.3 - Formación estética | X |
| ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes | |
| ET.5 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais | |

| | |
|---|------|
| | UD 9 |
| ET.6 - Liberdade de expresión | X |
| ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico | |

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Organización dun club de lectura | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. | X | | |
| Visita de autores e autoras | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte. | | X | |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar. | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Gravación de podcast con textos literarios | Alumnado do centro de distintas nacionalidades pode gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais. | | | X |
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes. | | X | |
| Obradoiros de escritura creativa | Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector. | X | X | X |
| Visionado de películas | O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes. | | X | |
| En busca da noticia | Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan por un tempo en redactores de noticias. Podemos buscar un tema do programa de clase ou de actualidade e, cunhas instrucións precisas, elaborar unha noticia e compartila na aula. | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave. |

| |
|---|
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación. |
| Realízanse as actividades complementarias programadas. |
| Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas. |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |
| Metodoloxía empregada |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción... |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados. |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...) |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto. |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...) |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos. |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. |
| Clima de traballo na aula |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren. |

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 31 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 31 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 32 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 32 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 33 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 34 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 34 |
| 7.2. Actividades complementarias | 35 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 36 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 37 |
| 9. Outros apartados | 37 |

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 3º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

No curso actual 3º de ESO está formado por un grupo de 21 alumnos. En xeral o progreso foi bo no curso pasado, pero hai un alumno coa materia pendente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 3 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | | |
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas. | | 2 | 1 | 2 | 1-5 | | | |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 3 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Introduction | Avaliación inicial e repaso de contidos de cursos anteriores | 4 | 9 | X | | |
| 2 | Time Out | Unidade en torno ao entretememento e actividades de tempo libre | 16 | 16 | X | | |
| 3 | People in Action | Unidade en torno ás actividades deportivas e as viaxes | 16 | 16 | | X | |
| 4 | Looking Forward | Unidade en torno ao medio ambiente e a saúde | 16 | 16 | | X | |
| 5 | Body and Mind | Unidade en torno á saúde e benestar | 16 | 16 | | X | |
| 6 | On the Dark Side | Unidade en torno ás cousas que causan medo | 16 | 16 | | | X |
| 7 | Material World | Unidade en torno ao consumo | 16 | 16 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | Introduction | 9 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar. | | |
| CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio. | corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio. | PE | 50 |
| CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas. | | |
| CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas. | Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público. | | |
| CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto. | TI | 50 |
| CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas. | Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais | | |
| CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento. | | |
| CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | | |
| CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso. | | |
5. O estudo e a realización das tarefas en casa e na clase controladas a diario polo profesor, que son de obrigado cumprimento suporán o 10% da nota. Os exercicios escritos recollidos e correxidos polo profesor (redaccións, cartas,

resumos de películas ou libros, etc.) serán avaliados neste apartado. A non realización destes traballos será penalizado cun 0.2 menos. Tamén se ten en conta neste apartado a realización dos deberes diarios (homework), cuxo incumprimento será penalizado cun negativo (-0.1).

6. Verbos irregulares. En 3º débese asegurar a aprendizaxe deste elemento fundamental. O estudo dos verbos centrarase na primeira avaliación. A nota destes controis repercutirá na nota dos exames escritos da primeira avaliación. Cunha nota inferior a 5 non se superará o control e reducirá a nota da avaliación en 0,5 puntos. Cunha nota entre 5 e 8 non repercutirá na nota. Os alumnos que superen os controis cunha media de 8 ou máis terán unha bonificación de 0.5. Se é preciso estes tests poderanse repetir ao longo do curso.

7. A participación en actividades relacionadas coa cultura dos países de fala inglesa en colaboración co departamento de actividades complementarias e extraescolares (Halloween, Christmas, St Valentine, teatro, etc.) valorarase en forma de positivos ata 0.5.

Dado que a lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos non haberá recuperación de avaliacións suspensas. Unha avaliación suspensa recupérase aprobando a seguinte do mesmo xeito que se pode suspender todo en xuño se non se fai un estudio continuado. Polo tanto para superar a materia na avaliación final ordinaria o alumnado deberá superar a terceira avaliación cun 5 e acadar na media das tres avaliacións un mínimo de 5. Para ter en conta o progreso ao longo do curso a media será ponderada, de xeito que a primeira e segunda avaliación contarán 25% da nota final cada unha e a terceira 50%. As cualificacións finais redondearanse para á alza a partir de 0,5.

Criterios de recuperación:

Con todo, o alumnado que non teña superado a materia nas dúas primeiras avaliacións terá que realizar actividades de recuperación durante a terceira avaliación para facilitar a superación da materia na avaliación final. Estas actividades incluírán actividades de repaso e actividades que non fixeron durante o curso como por exemplo redaccións, presentacións ou controis dos libros de lectura. No caso de que con estas actividades (especialmente no caso de traballos non realizados satisfactoriamente durante o curso) se considere recuperadas as avaliacións correspondentes a nota media para a avaliación final será feita recalculando a nota das avaliacións recuperadas.

Se aínda así a media do curso non é suficiente para superar a avaliación final realizarase un exame. No exame de recuperación as porcentaxes quedarán da seguinte maneira: grammar and vocabulary (40%), reading (20%), writing (20%) e listening (20%). No caso de superar a materia por medio desta recuperación a nota será un 5 independentemente da nota acadada, xa que se trata dun exame de mínimos que non inclúe moitos contidos avaliados ao longo do curso.

En todo caso, a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores deberá seguir un programa de recuperación e reforzo dirixido polo xefe de departamento e levado a cabo polo profesor que lle dea clase.

O reforzo consistirá en elaborar un material fotocopiado ou utilizar o proposto polo libro de texto para abordar os obxectivos mínimos esixibles que se recollerá e sempre dentro dun prazo para ser corrixido e comentado puntualmente co alumnado en cuestión. Terá que ver, na medida do posible, cos contidos mínimos do ano que está a cursar para favorecer a súa integración no curso actual.

Para recuperar a materia pendente de anos anteriores o alumnado ten dúas posibilidades:

- Tendo en conta que o inglés é unha materia de contidos progresivos os alumnos/as superarán a materia pendente aprobando as avaliacións correspondentes do ano que están cursando. Se se observa boa progresión do alumno a nota da recuperación será un punto superior á da avaliación do curso actual.

- En caso de ter máis dificultades no curso actual, deberá de realizar máis tarefas de repaso e recuperación do curso pendente, que incluírán actividades que o alumnado debe facer baixo a supervisión do profesor e tamén probas escritas. A realización das actividades contará un 50% e as probas o restante 50%. Este procedemento de recuperación debe desenvolverse ao longo das tres avaliacións do curso actual e será avaliado coincidindo coas sesións de avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | | | | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | X | | X | X | | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | X | X | X | | | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - A educación para a saúde | | | | X | X | X | X |
| ET.11 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | X | | | X | | | X |

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Celebración de datas significativas no centro | Procuraremos programar actividades complementarias no centro coa colaboración da biblioteca escolar e doutros departamentos. Os alumnos participarán activamente en inglés sempre que sexa posible de todas as actividades que se programen: Halloween, Nadal, Día da muller, Día do libro, Semana cultural e graduación do alumnado de 4º ESO. | X | X | X |
| Sesión de teatro ou cine en inglés | Desde o Departamento poderase organizar algunha saída ao teatro ou ao cine ao longo do curso. | X | X | X |
| Intercambio lingüístico | Buscaremos a posibilidade de establecer unha comunicación e intercambio de cartas ou correos electrónicos con estudantes de inglés doutros países | X | X | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade. |
| Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita. |
| Metodoloxía empregada |
| Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela. |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Incorpo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas. |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten. |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe. |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as. |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades. |
| Clima de traballo na aula |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar. |

Descrición:

Todo docente debe reflexionar sobre a súa actuación con respecto ao alumnado e á propia Programación Didáctica (materiais utilizados, planificación, motivación dos/das alumnos/-as, participación das familias, medidas de atención á diversidade, utilización das TIC, actividades de carácter interdisciplinar, etc.).

Existen moitos aspectos que o/a profesor/-a pode analizar tanto do proceso do ensino como da súa práctica docente; esta análise debe ser realizada de maneira reflexiva e con capacidade de autocrítica para que se converta nunha ferramenta de mellora continua, xa que, ao fin e ao cabo, esa é a súa finalidade principal.

Para sistematizar a devandita análise, o departamento de inglés fará o seguimento da programación e establecerá, se é o caso, as medidas correctoras necesarias prestando atención á memoria final do curso anterior.

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

Deste xeito veremos se os contidos e a súa temporalización se levan a cabo tal como quedou reflexado na programación ou se hai que modificar algunha cuestión. A xefa do departamento levantará acta dos acordos tomados así como daqueles puntos ou temas que deben ser tratados con máis intensidade ou prioridade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua galega e literatura | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 9 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 25 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 27 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 28 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 30 |
| 7.2. Actividades complementarias | 31 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 32 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 33 |
| 9. Outros apartados | 33 |

1. Introducción

A redacción e organización desta programación dende o Departamento de Lingua Galega e Literatura do CPI Antonio Orza Couto obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

O CPI Antonio Orza Couto está situado en Boqueixón, un concello conformado de parroquias e aldeas dispersas que está a uns 16 km. da cidade de Santiago de Compostela. Respecto ás linguas e ao seu uso socio-cultural, especificamente, podemos dicir que a lingua de uso cotiá e maioritaria é o galego, aínda que nos últimos anos percibimos un aumento do uso do castelán entre o alumnado.

Tendo en conta isto e que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último.

O fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está articulada arredor de nove unidades didácticas que pretenden adaptarse á Orde ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convén sinalar que cada unidade comeza cun vídeo dunha canción agás no caso da unidade da publicidade que comeza co vídeo dun anuncio na busca de partir sempre de exemplos de oralidade. Á hora de nos achegar a calquera temática, será esta, a da oralidade, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua. Do mesmo xeito estas cancións en varios dos casos xa nos darán pé para tratar os diferentes contidos transversais.

As obras de lectura obrigada para este curso son na primeira avaliación: Bullying, de Álex Alonso; na segunda avaliación escolleremos entre Non cantan paxaros neste bosque, de Carlos Negro, e O enigma de Santiago, de Xosé A. Neira Cruz; na terceira avaliación leremos a obra teatral Identidade, de Nee Barros Fernández. No no eido da poesía faremos unha escolma de poesía actual que traballaremos na aula, especialmente no terceiro trimestre e aproveitando para introducir a figura á que se lle dedican as Letras Galegas no 2024, Luisa Villalta.

A escolla das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios: a inclusión de obras representativas do noso corpus literario; a inclusión de autoras e autores con obra salientable; a inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...) e a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic, na medida das posibilidades.

Por último, debemos ter en conta que a materia de Lingua Galega e Literatura en 3ºESO está por primeiro ano dentro do proxecto E-dixgal, polo que traballaremos co ordenador como recurso de acceso ao curso virtual, xunto con outro material que proporcionara a docente (esquemas ou actividades en papel), e material de escrita manual. Ademais participaremos, na medida do posible, nas iniciativas propostas polo centro ou por outras disciplinas e coordinacións e tentaremos incluír partes do noso currículo no desenvolvemento destas actividades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|---------|-------|-------|----|---------|
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Cantos na maré | <p>Na unidade 1 principiamos o curso coa avaliación inicial.</p> <p>Analizaremos a realidade da lingua como un fenómeno oral á par do uso da lingua escrita como principal sistema substitutivo e recente. Veremos esta evolución a través da canción popular, da cantiga medieval e da canción actual en galego, portugués e catalán.</p> <p>Iniciaremos o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués a través progresión cronolóxica da historia da lingua galega e da historia da lingua e da literatura medievais galega, portuguesa e castelá. Buscamos un enfoque centrado no estudo da lingua como un patrimonio común que se vai manter ao longo do curso académico coa inserción de recursos en portugués.</p> <p>Iniciaremos na literatura galego portuguesa medieval, centrándonos na lírica amorosa.</p> <p>Analizaremos e identificaremos o substantivo e adxectivo e repasaremos as regras de acentuación básicas como parte da corrección na escrita.</p> | 11 | 12 | X | | |
| 2 | Unha mañá de setembro | <p>Continuamos co estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués e da súa literatura a través das cantigas de escarnio e maldicir, a lírica relixiosa e os xéneros menores.</p> <p>Afondaremos nas linguas da península.</p> <p>En comunicación trataremos o léxico dos deportes, os xentilicios e as relacións de sinonimia e antonimia.</p> <p>En lingua centraremos no uso do pronome persoal e a acentuación diacrítica.</p> <p>Dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura Bullying de Alexandre Alonso no que buscaremos que o alumnado sexa quen de que realizar unha análise crítica do texto.</p> | 11 | 11 | X | | |
| 3 | Terra | <p>Dedicaremos a unidade 3 á análise da valoración social das linguas no instituto e a súa contorna con especial atención ao galego.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos: unha exposición oral do proceso de investigación e das súas conclusións e unha produción escrita.</p> <p>Podemos sinalar 4 obxectivos para o alumnado no desenvolvemento deste</p> | 13 | 14 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Terra | <p>proyecto.</p> <p>1º A reflexión sociolingüística sobre a valoración das linguas na súa contorna con especial atención aos prexuízos lingüísticos .</p> <p>2º A aprendizaxe da metodoloxía da realización dunha investigación sociolingüística de campo.</p> <p>3º A consolidación da metodoloxía da presentación por escrito dun traballo de investigación.</p> <p>4º O perfeccionamento das técnicas de exposición oral de carácter culto.</p> | 13 | 14 | X | | |
| 4 | Que din os rumorosos | <p>Coa unidade 4, comezaremos o segundo trimestre achegándonos ao desenvolvemento social e cultural dos Galego Medio e do Rexurdimento e dentro del a figura de Eduardo Pondal. Aproveitaremos para traballar as tipoloxías textuais de esquema, resumo e mapa conceptual.</p> <p>Ao estudo do léxico achegarémonos dunha banda aprendendo a facer definicións e doutra atendendo á formación de palabras novas a través da prefixación, sufixación e parasíntese.</p> <p>Traballaremos o verbo e en ortografía o uso das maiúsculas e minúsculas.</p> | 10 | 11 | | X | |
| 5 | A xustiza pola man | <p>Na quinta unidade afondaremos no estudo da figura de Rosalía de Castro e a súa transcendencia literaria e social na nosa cultura.</p> <p>Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar os textos centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e en construcións verbais como o infinitivo persoal e as perífrases.</p> <p>En lingua faremos tamén un repaso polos determinantes e traballaremos o texto expositivo. No léxico centrarémonos nos animais e nos campos semánticos.</p> <p>Por último , e a través da obra de lectura Non cantan paxaros neste bosque de Carlos Negro, na que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica daquilo que le e de relacionalo tanto cos seus coñecementos literarios como coa súa propia experiencia.</p> | 10 | 11 | | X | |
| 6 | Somos legiom | <p>Dedicaremos a unidade 6 á elaboración do proxecto nº 2 do curso neste caso dedicado á creación literaria a partir do estudo da obra rosaliana e tamén da análise das características definitorias da adolescencia na actualidade. O alumnado convértese así</p> | 10 | 10 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Somos legiom | <p>en autor e obxecto da creación literaria. Este traballo terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - unha creación poética multimodal na que se integren 3 textos poéticos. - un acto poético colectivo para as aulas do centro no Día de Rosalía. <p>Podemos sinalar 4 obxectivos para o alumnado no desenvolvemente deste proxecto.</p> <p>1º A creación de tres textos poéticos multimodais orixinais.</p> <p>2º O desenvolvemento de técnicas de recitado poético para un público.</p> <p>3º A integración da obra rosaliana na súa propia proposta poética.</p> | 10 | 10 | | X | |
| 7 | A festa de todas as festas | <p>A unidade 7 céntrase no mundo dos medios de comunicación e na publicidade, nos textos da entrevista e a reportaxe. Trátase de que o alumnado se enfrente de forma consciente á textualidade multimodal dos medios de comunicación.</p> <p>Tamén é importante que ademais recoñecer as características da información recibida, o noso alumnado sexa quen de realizar unha reflexión coherente sobre esta cuestión na procura dunha cidadanía consciente e crítica. Centrarémonos no texto argumentativo.</p> <p>En literatura estudaremos a figura de Curros Enríquez.</p> <p>Afondaremos no plurilingüismo e o proceso de normalización e normativización.</p> <p>Finalmente atenderemos a adverbios, conxuncións e preposicións e na ortografía veremos o uso do s e x.</p> | 11 | 11 | | | X |
| 8 | O maio | <p>A oitava unidade busca que o alumnado aprenda que como exercicio de liberdade poderá discrepar ou queixarse de maneira empática e construtiva e aproveitaremos para tratar os prexuízos lingüísticos ao longo do tempo e na actualidade.</p> <p>En léxico veremos o cinema, en ortografía, os grupos consonánticos e aproveitaremos para facer un repaso das unidades e funcións sintácticas básicas.</p> <p>Seguiremos en comunicación atendendo ao texto publicitario e en Literatura afondaremos no panorama literario da narrativa do XIX.</p> <p>Por último dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura Identidade de Nee Barros, unha obra teatral coa que aproveitaremos para afondar neste xénero e na que buscaremos que o alumnado</p> | 11 | 11 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8 | O maio | ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de que realizar unha análise crítica do seu contido. | 11 | 11 | | | X |
| 9 | Voa o aire | <p>Na unidade 9 elaboraremos o proxecto nº 3 do curso dedicado aos textos orais e escritos de carácter xornalístico, concretamente á reportaxe de temática social.</p> <p>Esta investigación terá como froito dous produtos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha revista coas reportaxes multimodais realizadas polo alumnado. - Unha serie de podcast con entrevistas de temática social. <p>Os obxectivos para o alumnado neste proxecto son:</p> <p>1º O estudo da presenza das temáticas sociais nos medios de comunicación.</p> <p>2º A elaboración dunha reportaxe multimodal.</p> <p>3º O perfeccionamento da interacción de carácter oral en contextos formais.</p> <p>4º O traballo cooperativo nun proxecto de aprendizaxe de servizo que denuncia inxustizas sociais e/ou pon en valor persoas e colectivos que melloran a nosa sociedade.</p> <p>Nesta unidade inclúese tamén a celebración da Semana das Letras Galegas, dedicada a Luisa Villalta, que poderá ser obxecto de traballo dalgúns dos textos xornalísticos elaborados.</p> | 13 | 14 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1 | Cantos na maré | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa. | O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués. | PE | 90 |
| CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España. | O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as características máis básicas dun texto en catalán. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumno debe coñecer as características básicas da lírica profana medieval galego-portuguesa. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias. | | |
| CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos. | O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxexión) |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 2 | Unha mañá de setembro | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria de temática sociolingüística, unha análise apropiada da obra relacionándoa cos fenómenos de linguas en contacto. | PE | 100 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | | |
| CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado, como mínimo, pon en relación unha cantiga coa literatura da época, coa evolución do xénero e coa arte actual dunha maneira satisfactoria. | | |
| CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen. | | |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica. | O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. |

Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | Terra | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas. | O alumnado no traballo de investigación, como mínimo, identifica e cuestiona os prexuízos e estereotipos lingüísticos con actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística e pode expresar o razoamento e valoración por escrito comparando outras realidades que se lle presenten | TI | 100 |
| CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación sobre a apreciación das linguas na súa contorna a través da comunicación e as viaxes, que posteriormente completará en formato dixital respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado, como mínimo, entrega o traballo de investigación en formato dixital respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...). | | |
| CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado expón oralmente a investigación nº 1, como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese. | | |
| CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado debe na súa exposición oral, como mínimo, utilizar de maneira correcta todo o paradigma verbal atendendo especialmente ao emprego axeitado do infinitivo persoal. | | |
| CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado. | O alumnado é quen de redactar textos escritos e multimodais sinxelos seguindo a revisión previa. | | |
| CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado é quen de revisar os seus propios textos de maneira progresiva e autónoma. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 4 | Que din os rumorosos | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, xustifica a presenza dos Séculos Escuros na nosa historia cultural e comprende e analiza un texto pondaliano. | PE | 80 |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado, como mínimo recoñece os diferentes afixos para a mudanza de categoría e o seu significado e crea constelacións léxicas dunha palabra mediante a utilización de afixos. | | |
| CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado, como mínimo, realiza e explica un esquema, un resumo e un mapa conceptual a partir dun texto dado e define algúns dos termos aparecidos nel. | TI | 20 |
| CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado, como mínimo, utiliza nunha explicación oral mecanismos de referencia interna de carácter léxico por nominalización e hiperonimia abstracta. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 5 | A xustiza pola man | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado, como mínimo, realiza ,tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia. | PE | 100 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto rosaliano aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado, como mínimo, é capaz de poñer en relación a obra rosaliana coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e coa arte actual. | | |
| CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma.. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | Ao longo da proba o alumnado, como mínimo, emprega en varias ocasións o infinitivo persoal de maneira correcta na forma e coherente no significado en persoas gramaticais diferentes. | | |
| CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio) - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6 | Somos legiom | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado como mínimo organiza unha exposición para outras aulas con textos da súa creación no Día de Rosalía. | TI | 100 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, recitará de maneira expresiva os textos da súa creación en público. | | |
| CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura. | O alumnado, na súa proposta poética multimodal incluírá referencias ou influencias da obra poética doutros autores galegos indicada de maneira expresa nos créditos. | | |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | O alumnado deberá entregar un traballo textual multimodal de carácter literario sobre algún valor da adolescencia actual poñéndoo en relación coa obra rosaliana e/ou as súas derivacións posteriores. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. |

Contidos

- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do susófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 7 | A festa de todas as festas | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado, como mínimo, identifica a calidade e fiabilidade de informacións procedentes dos medios de comunicación dada. | PE | 85 |
| CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes dos medios de comunicación dadas referidas a unha mesma noticia. | | |
| CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual. | O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación. | | |
| CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información. | O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación. | O alumnado, como mínimo, analiza satisfactoriamente a significación dos elementos non verbais en mensaxes publicitarias. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado emprega procedementos básicos do galego escrito para o seu uso correcto en diferentes tipos de discursos. | | |
| CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado, como mínimo, analiza oralmente nunha exposición de 3 minutos 3 mensaxes publicitarias buscadas por el (unha institucional, unha destinada á mocidade, unha que conteña usos discriminatorios) tanto na súa forma como no seu contido. | TI | 15 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do tex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8 | O maio | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia. | PE | 80 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto de Curros aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula. | | |
| CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra de Curros coa literatura da época, coa evolución do xénero lírico e con manifestacións artísticas da actualidade. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado emprega procedementos básicos do galego escrito (ortografía e morfosintaxe) para o seu uso correcto en diferentes tipos de discursos. | | |
| CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | O alumnado, como mínimo, é capaz de discrepar, queixarse, ordenar e reprobar dunha maneira empática e construtiva. | TI | 20 |
| CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social. | O alumnado, como mínimo, demostra que sabe utilizar de maneira adecuada estratexias na resolución dialogada de conflitos de maneira espontánea. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural. | | |
| CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión)

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 9 | Voa o aire | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado, como mínimo, entrega un podcast cunha reportaxe sobre unha iniciativa de mellora social que esperta interese, respecta as características do xénero e segue as instrucións da profesora. | TI | 100 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado, como mínimo, inclúe unha entrevista a alguén que garde relación coa devandita iniciativa e demostra as súas actitudes de escoita activa e as súas estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | | |
| CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado. | O alumnado, como mínimo, entrega unha reportaxe que esperta interese e que respecta as características dese xénero textual, sobre unha iniciativa de mellora social. | | |
| CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | O alumnado como mínimo entrega a reportaxe co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras...). | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc). | O alumnado emprega procedementos básicos do galego (ortografía, vocabulario e morfosintaxe) para o seu uso correcto en diferentes tipos de discursos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega e o achegamento á riqueza cultural na propia lingua.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias

didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Ademais, debemos poñer especial atención no uso oral da lingua e tentar potenciar esta competencia.

As actividades na aula desenvolveranse con diferentes tipos de agrupamentos que responderán ás necesidades de cada momento e mesmo poderemos movernos do espazo aula de referencia, onde pasaremos a maor parte do tempo, xa que ademais estamos no programa e-dixgal, pero tamén empregaremos outros espazos como a Biblioteca ou os exteriores do edificio.

Na aula e-dixgal estará unha estruturación orientativa das unidades que imos traballar ao longo do curso e distribuiranse os contidos, actividades, actuacións e criterios para facer seguimentos da materia e avaliála.

Aínda que estas medidas parezan xeralistas, son de aplicación a cada unha das unidades, ou máis ben aos períodos de avaliación, xa que en cada trimestre desenvolveremos actividades ou actuacións que se enmarcan dentro destas metodoloxías, como podemos ver na distribución de unidades. Ademais, hai actuacións que polo momento nos están distribuídas e que se fixarán e adaptarán ao traballo interdisciplinar con outros departamentos ou coordinacións.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE (adaptadas do currículo):

-O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

-O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

-Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

-O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, así como actividades que promovan actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...). Esta actuación desenvolverase principalmente na primeira avaliación, aínda que poderá estar presente ao longo das outras avaliacións.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal, igualdade...).

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras

literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc., e a posibilidade de participar en encontros con escritores/as que lles acheguen a realidade da escrita, tanto pola súa compoñente artística e cultural, como pola posibilidade dunha práctica real, próxima e acadable.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Alonso, Alexandre. Bullying, ed.Xerais |
| Barros Fernández, Nee. Identidade, ed. Galaxia (T) |
| Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia. |
| Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia. |
| Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia. |
| Lingua Galega e Literatura 3 ESO, ed. Anaya vv.aa, 3 volumes (2019) |
| Neira Cruz, Xosé A. O enigma de Santiago, Ed. Galaxia |
| Negro, Carlos. Non cantan paxaros neste bosque, ed. Xerais |
| Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG |
| Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega. |
| Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia. |
| Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Teide |
| WEBS |
| Aulas Galegas.Galego (https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/) |
| Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (https://rosalia.gal/) |
| Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2) |
| Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/dicionario/) |
| Dicionario de pronuncia da lingua galega (http://ilg.usc.es/pronuncia/) |
| Dicionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do) |
| Dicionario visual interactivo (www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html) |
| Fundación Curros Enríquez (http://www.currosenriquez.es/) |
| Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (https://open.spotify.com/playlist/2SjGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b) |

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>)

Os grupos de 3ESO forman parte este curso por primeira vez do proxecto e-dixgal, polo que están dotados de ordenadores e conexión á rede.

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc.

En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Contamos ademais, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, con de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevador, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico, etc. constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, a preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar a preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto.

Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

Se fose necesario, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 11 | 13 | 10 | 10 | 10 | 11 | 11 | 13 | 100 |
| Proba escrita | 90 | 100 | 0 | 80 | 100 | 0 | 85 | 80 | 0 | 57 |
| Táboa de indicadores | 10 | 0 | 100 | 20 | 0 | 100 | 15 | 20 | 100 | 43 |

Criterios de cualificación:

Aínda que a intención é desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial que iremos ampliando nos vindeiros cursos, nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de proxectos e de actividades centradas na utilización da lingua oral, o cal redonda na presenza dunha porcentaxe no valor das táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración etc) xunto coas probas escritas, como se pode ver na distribución dos instrumentos de avaliación, un 40% a través de táboas de indicadores fronte a un 60% a través de probas escritas. Isto concrétese da seguinte maneira: 6p exames de contidos; 1,5p lectura obrigatoria; 2,5p actividades guiadas e proxectos e actividades de aula.

Empregarase a aproximación por redondeo en cada avaliación a partir das sete décimas (0,7 >1) Para a aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un destes instrumentos de avaliación.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias das tres avaliacións.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas só unha parte delas.

Alén diso, cómpre salientar que as incorreccións lingüísticas terán unha penalización que se reflectirá na cualificación de cada proba. Por este motivo, poderase aplicar unha penalización de ata un 20% na súa cualificación.. Así mesmo, e tal como corresponde a unha materia lingüística, todas as respostas ás probas tanto orais como escritas deberán ser contestadas en lingua galega, podendo ser causa de o alumno ou alumna non superar a proba por este motivo.

A valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria contéplase nas unidades didácticas correspondentes.

No caso de que algún alumno ou alumna non asista a unha sesión fixada para un exame ou non entregue un traballo no prazo establecido deberá achegar o xustificante correspondente a esa ausencia.

Nos casos de avaliación oral estableceranse unha serie de rúbricas que responderán ao tipo de actividade e peso na avaliación.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido.

Criterios de recuperación:

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

1. Para facilitar a recuperación dos proxectos trimestrais, procederase dos seguinte xeito:

- Ao longo do segundo trimestre no prazo establecido pola/o docente o alumnado que suspndese o primeiro proxecto poderá volver a entregalo para a súa recuperación.
- Ao longo do terceiro trimestre no prazo establecido pola/a o docente o alumnado que suspndese o segundo proxecto poderá volver a entregalo para a súa recuperación.
- O proxecto do terceiro trimestre poderá recuperarse ao final deste mesmo trimestre.

2. A recuperación das restantes unidades realizarase as seguintes avaliacións nas datas fixadas polo DLG entrgando ou facendo as actividades avaliábeis por indicadores de logro e nunha proba escrita fixada pola profesora e en horario da materia para os contidos avaliábeis por este tipo de probas que o alumno/a non teña superado.

3. Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados mantendo os mesmos instrumentos de avaliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita que a/o profesor/a fixará no mes de maio se este/a o considera oportuno.

En canto á superación dos proxectos contidos nas tres unidades didácticas o alumnado debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior.

Para este alumnado coa materia pendente, utilizaranse os instrumentos de avaliación que se consideren para cada caso específico e que quedarán reflectidos no plan de recuperación.

Teranse en conta estes aspectos:

-O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso. Debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior. No mes de xaneiro do curso actual, o alumnado que suspendese o primeiro proxecto do curso anterior poderá volver a entregalo para a súa recuperación. No mes de maio, o alumnado que suspendese os proxectos número 2 e/ou número 3 poderá volver a entregalos para a súa recuperación.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se o profesor/a o considera oportuno, de non ser así, terá que realizar un exame final.

As porcentaxes que se aplicarán neste caso serán as seguintes:

Táboa de indicadores (probas orais, proxectos etc.): 50%

Proba escrita: 50%

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.

g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, contamos xa con dúas alumnas con TDAH ás que se lles vai aplicar o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno/a con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.

-Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.

-Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

-Reducir e fragmentar as actividades.

-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

-Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

-Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.

-Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.

-Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

-Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

-Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).

-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.

-Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

As medidas de atención á diversidade poderanse ir adaptando e aplicando segundo as necesidades que vaimos detectando ao longo do curso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - a comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | | | X | | | X | | |
| ET.4 - a competencia dixital | | | X | | | X | | |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | | | | | | | X | |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | X | | X | | X | X | X | X |
| ET.7 - a educación emocional e en valores | | | X | | | X | | |
| ET.8 - a igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - a creatividade | | X | X | | X | X | X | |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - a comprensión lectora | X |
| ET.2 - a expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - a comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - a competencia dixital | X |
| ET.5 - o emprendemento social e empresarial | |
| ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.7 - a educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - a igualdade de xénero | X |

| | |
|-----------------------|------|
| | UD 9 |
| ET.9 - a creatividade | X |

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Encontros con escritores (Ministerio de Cultura y Deporte) | Encontro co escritor Alexandre Alonso para falar da súa obra, en concreto da novela Bullyng, que trata sobre este tema na sociedade actual. | X | | |
| Roteiro por Santiago, cidade xacobeá. / Lectura dunha obra literaria actual de diferentes xéneros. | Realizarase o roteiro e visita teatralizada por Serafín Marcos á cidade de Santiago e contorna da catedral arredor da novela O enigma de Santiago de Xosé Neira Cruz. / Lectura e actividade audiovisual ou plástica arredor dunha obra literaria elixida polo alumno/a. | | X | |
| Visita á Casa Museo de Rosalía | Dentro dos contidos literarios do currículo arredor do Rexurdimento literario e da figura de Rosalía de Castro. | | X | |

Observacións:

As actividades complementarias insírense de cheo nas unidades didácticas da programación e poderán adaptarse segundo as ofertas que cheguen ao centro de programacións de asociacións culturais, editoriais, padroados... ou o propio Concello, así como ás propostas doutros departamentos aproveitando actividades ou saídas interdisciplinares.

Participaremos principalmente nas propostas do EDLG e a Biblioteca, pero tamén nas das demais coordinacións, sempre que se adapten ao desenvolvemento do noso currículo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos. |
| 9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias. |
| 12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización. |
| 13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos. |
| 14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados. |
| 19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia. |
| 23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora. |
| Metodoloxía empregada |
| 6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles. |
| 15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| 8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías. |
| 10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.). |
| Medidas de atención á diversidade |
| 3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. |
| 4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos. |
| Clima de traballo na aula |
| 1. Propiciouse un ambiente motivador na aula. |
| 2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia. |
| 7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica. |
| 20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula. |
| 21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase. |

| |
|--|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| 11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas. |
| 17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.). |
| 18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora. |
| 22. Mantívoase contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos. |
| Outros |
| 24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras. |

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación farase a través da aplicación Proens no apartado establecido para este fin.

Ademais do seguimento que se faga nas reunións mensuais do Departamento, ao final de cada avaliación, a xefa de Departamento de LGL recollerá nunha acta o nivel de cumprimento da programación e as posibles razóns que xustifiquen o recollido así como as propostas de mellora. No caso de necesitalo, indicaranse tamén os posibles axustes oportunos para a actual programación.

Reamatado o curso farase unha valoración do seguimento e cumprimento da programación, as razóns e as propostas de mellora para poder aplicar no vindeiro curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Matemáticas | 3º ESO | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 37 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 37 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 37 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 37 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 38 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 39 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 39 |
| 7.2. Actividades complementarias | 40 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 40 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 42 |
| 9. Outros apartados | 42 |

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 3º curso da ESO. Na súa elaboración tívose como referencia o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No 3º curso da ESO deste centro educativo hai 1 grupo, compostos por 21 alumnas e alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|---------|-------|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións. | | | 1-2-3-4 | 2 | 5 | | 3 | 4 |
| OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global. | | | 1-2 | 2 | 4 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos. | 1 | | 1-2 | 1-2-5 | | | 3 | |
| OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz. | | | 1-2-3 | 2-3-5 | | | 3 | |
| OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado. | | | 1-3 | 2-3 | | | | 1 |
| OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicarlos en situacións diversas. | | | 1-2 | 3-5 | | 4 | 2-3 | 1 |
| OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos. | | | 3 | 1-2-5 | | | 3 | 4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas. | 1-3 | 1 | 2-4 | 2-3 | | | 3 | 3 |
| OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec | | | 5 | | 1-4-5 | | 2 | 3 |
| OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem | 5 | 3 | 3 | | 1-3 | 2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A linguaxe matemática | Trata sobre a linguaxe básica da teoría de conxuntos e o tratamento das aproximacións e dos erros. | 5 | 10 | X | | |
| 2 | Fraccións e decimais | Propiedades básicas das fraccións, operacións combinadas e relacións cos decimais. | 5 | 11 | X | | |
| 3 | Potencias | Propiedades das potencias, operacións e tratamento da notación científica. | 5 | 8 | X | | |
| 4 | Radicais | Relación entre radicais e potencias e operacións con radicais aproveitando as propiedades das potencias. | 5 | 8 | X | | |
| 5 | Matemáticas financeiras | Problemas sobre razóns e proporcións, proporcionalidade (directa inversa e composta), repartos proporcionais, problemas de mesturas, porcentaxes, índices de variación e interés composto. | 6 | 11 | X | | |
| 6 | Sucesións e progresións | Sucesións, progresións aritméticas e progresións xeométricas. Cálculo do termo | 5 | 8 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Sucesións e progresións | xeral, a expresión recorrente e a suma de termos. | 5 | 8 | X | | |
| 7 | Álgebra | Identidades, monomios e polinomios. Operacións con polinomios, incluído o método de Ruffini. Factorización mediante factor común e produtos notables. Tratamento de fraccións alxébricas sinxelas. | 6 | 9 | | X | |
| 8 | Ecuacións | Resolución de ecuacións de primeiro grado, de segundo grado (completas e incompletas), irracionais, exponenciais e factorizadas. | 6 | 9 | | X | |
| 9 | Sistemas de ecuacións | Tipos de sistemas de ecuacións lineais de dúas incógnitas. Resolución gráfica, e analítica mediante substitución, igualación e redución. Casos particulares de sistemas incompatibles e indeterminados. Resolución de sistemas non lineais sinxelos. | 6 | 9 | | X | |
| 10 | Funcións e gráficas | Relacións e distintas formas de expresar unha función. Debuxar gráficas sinxelas. Caracterización básica dunha función: dominio, percorrido, crecemento, decrecemento e interpretación. | 5 | 8 | | X | |
| 11 | Funcións lineais e cuadráticas | Cálculo da expresión explícita e punto pendente dunha recta ou función lineal. Funcións cuadráticas e sistemas de ecuacións que mesturan restas e parábolas. Funcións definidas a cachos. | 5 | 7 | | X | |
| 12 | Xeometría no espazo (2D) | Teorema de Pitágoras, triángulos semellantes e transformacións elementais (xiros, translacións e simetrías), co seu uso en problemas contextualizados. Áreas e perímetros de figuras sinxelas en 2D | 6 | 7 | | | X |
| 13 | Xeometría no espazo (3D) | Xeralización da xeometría en 2D a 3D, co cálculo de superficies de corpos xeométricos e cálculo do seu volume, co seu uso en problemas contextualizados. | 5 | 7 | | | X |
| 14 | Estatística | Análise, interpretación e elaboración de táboas e gráficos, os conceptos de probación e mostra, e a obtención de conclusións e toma de decisións. | 5 | 7 | | | X |
| 15 | Probabilidade | Copnceptos básicos da probabilidade: espazo mostral, sucesos, regra de Laplace... Introdución á combinatoria mediante a técnica do diagrama da árbore e as táboas de continxencia. Tratamento de experimentos compostos. | 5 | 7 | | | X |
| 16 | Matemáticas para a vida en sociedade | Unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso. | 20 | 14 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1 | A linguaxe matemática | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | Interpreta problemas de operacións de números racionais organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución. | PE | 100 |
| CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas. | Resolve problemas de números racionais e as súas operacións aplicando a xerarquía das operacións e utilizando a ferramenta adecuada según tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora). | | |
| CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | Expón variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións | | |
| CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional. | Recoñece patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples. | | |
| CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas. | | |
| CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | Identifica conexións coherentes na aplicación dos números racionais noutras materias. | | |
| CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas. | | |
| CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información. | Representa conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introducción á combinatoria. - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Aplicación de diferentes formas de representación de números, incluída a recta numérica. Obtención da fracción xeratriz dun número decimal. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. - Estimación e relacións. - Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións. - Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 2 | Fraccións e decimais | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | Interpreta problemas de potencias ou raíces e as súas propiedades organizando os datos dados e representando a información, cando é preciso, para facilitar a súa resolución. | PE | 100 |
| CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas. | Resolve problemas de potencias ou raíces aplicando as súas propiedades e utilizando a ferramenta adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora). | | |
| CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | Expón variantes dun problema de propiedades de potencias ou raíces dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | | |
| CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional. | Recoñece patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples | | |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas | | |
| CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | Identifica conexións coherentes na aplicación das potencias e as raíces noutras materias (p. ex. TICs), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Aplicación de diferentes formas de representación de números, incluída a recta numérica. Obtención da fracción xeratriz dun número decimal. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | Potencias | 8 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | Interpreta problemas de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais e elaborando representacións de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. | PE | 100 |
| CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas. | Resolve problemas de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a extratexia apropiada (razón de proporcionalidade ou porcentaxes). | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | Expón variantes dun problema dado modificando a constante de proporcionalidade utilizada. | | |
| CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional. | Recoñece patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples | | |
| CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando proporcións ou porcentaxes comunicando correctamente o proceso. | | |
| CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | Identifica conexións coherentes entre as proporcións e outras materias (p. ex. Química), recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. - Razoamento proporcional. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | Radicais | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | Interpreta problemas de sucesións de números naturais relacionando os termos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | PE | 100 |
| CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas. | Resolve problemas matemáticos aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas | | |
| CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | Expón variantes nos termos dun problema de sucesións dado modificando, segundo o caso, a diferenza ou a razón. | | |
| CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional. | Recoñece patróns nos termos dunha sucesións e descompón un problema en partes máis simples. | | |
| CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas. | | |
| CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | Identifica conexións coherentes entre os termos das sucesións e outras materias. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cantidade. - Realización de estimacións coa precisión requirida. - Uso dos números enteiros, fraccións, decimais e raíces para expresar cantidades en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. - Transformación e simplificación de expresións con radicais. - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Identificación de patróns e regularidades numéricas. Progresións aritméticas e xeométricas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 5 | Matemáticas financeiras | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución. | Interpreta problemas matemáticos organizando e relacionando os datos. | PE | 100 |
| CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e estratexias apropiadas. | Resolve problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas. | | |
| CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións. | Expón variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos. | | |
| CA1.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional. | Recoñece patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples. | | |
| CA1.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas. | | |
| CA1.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. | Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias. | | |
| CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos. | Modeliza situacións e resolver problemas de forma eficaz. | | |
| CA2.2 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias. | Realiza conexións entre diferentes procesos matemáticos. | | |
| CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir. | Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas. | | |
| CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información. | Representa conceptos, procedementos e resultados matemáticos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Aplicación de estratexias variadas para facer recontos sistemáticos en situacións da vida cotiá. Introducción á combinatoria. - Cantidade. - Selección e utilización da representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal, fracción ou radical) para cada situación ou problema. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relacións. - Comprensión e representación de cantidades con números enteiros, fraccións, decimais e raíces. - Razoamento proporcional. - Desenvolvemento e análise de métodos para resolver problemas en situacións de proporcionalidade directa, inversa e composta en diferentes contextos (aumentos e diminucións porcentuais, rebaixas e subidas de prezos, impostos, cambios de divisas, cálculos x - Educación financeira. - Interpretación da información numérica en contextos financeiros sinxelos. - Aplicación do Interese simple e composto en problemas contextualizados. - Métodos para a toma de decisións de consumo responsable atendendo ás relacións calidade-prezo e ao valor-prezo en contextos cotiáns. - Estimación e relacións. - Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións. - Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida. |

| UD | Título da UD | Duración |
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Barroco | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | PE | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar con vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Relacionar as características da época proposta coa actualidade. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Identificar os feitos históricos que inflúen nas manifestacións musicais. | TI | 50 |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4 | Clasicismo | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 45 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais e a época actual. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler con fludez partituras sinxelas e adaptadas ao nivel. | TI | 55 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar as propostas da unidade cun vocabulario axeitado. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosar actitude respetuosa no visionado ou escoita das porpostas da unidade. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | Romanticismo | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época. | PE | 40 |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras adaptadas ao nivel de xeito fluído. | TI | 60 |
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar con vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosar actitude respetuosa no escoita das propostas da unidade. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6 | Século XX | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | PE | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. | Comentar cun vocabulario axeitado as propostas da unidade. | | |
| CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | TI | 75 |
| CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Ler partituras adaptadas con fluidez. | | |
| CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos entre outras épocas e a actualidade. | | |
| CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. | Amosar unha actitude respectuosa na escoita ou visionado das propostas musicais da unidade. | | |
| CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. | Recoñecer as funcións da música relacionándoas coas características principais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7 | Outras músicas | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | TI | 100 |
| CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza do patrimonio galego. | | |
| CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. | Participar con acerto nas interpretacións propostas para esta unidade. | | |
| CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. | Participar con acerto nas propostas para esta unidade. | | |
| CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. | Establecer vínculos das características máis importantes e os feitos históricos principais. | | |
| CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. | Participar con acerto nas propostas para esta unidade. | | |
| CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. | Interpretar as adaptacións das obras propostas deste período. | | |
| CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais. | Desenvolver con creatividade propostas artístico musicais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. | Participar con acerto nas propostas da unidade. | | |
| CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. | Recoñecer os trazos estilísticos máis importantes da música e danza da época traballada. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinarlles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-----------------------------------|
| Instrumentos dotación de aula |
| Aula virtual |
| Programa de edición de partituras |
| Materiais do Repositorio Abalar |

Programa edición de audio

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc
 Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.
 Programas de edición de partituras e audio
 Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 3º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 10 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 65 | 40 | 50 | 45 | 40 | 25 | 0 | 38 |
| Táboa de indicadores | 35 | 60 | 50 | 55 | 60 | 75 | 100 | 62 |

Criterios de cualificación:

- BLOQUE TEÓRICO-PRÁCTICO: (exames escritos e traballos de investigación): Contará o 50% na nota final de avaliación e será a media dos exames escritos e dos traballos realizados.

o Exames escritos: normalmente realizarase un por avaliación, podendo realizarse dous en casos excepcionais. Cada pregunta valerá un punto, agás nas que estea marcado especificamente outro valor. Valorarase tamén a corrección á hora de expresarse, polo que nestes exames descontarase unha décima por cada falta de ortografía ata un máximo dun punto. De sorprender a algún alumno copiando nos exames, retirarase este automaticamente, resultando a nota o que leve feito ata ese momento. Por norma xeral non se realizarán recuperacións dos exames, agás en casos puntuais e excepcionais.

o Traballos de investigación: contabilizaranse no bloque teórico-práctico. A nota que levarán eses traballos repartirase da seguinte maneira:

º Un 20% da nota corresponderá á presentación: limpeza, acabado, seguir as pautas marcadas, faltas de ortografía ou de redacción e estética.

º Un 20% será a exposición oral dos traballos que se propoñan na clase: non ler continuamente o guión ou a presentación que se faga, mostrar exemplos prácticos (vídeos, audios, imaxes...), engadir datos non presentes na diapositiva ou imaxe que se expoña, correcta expresión corporal e linguaxe apropiada. No caso de non realizarse a exposición oral, esta puntuación engadirase ao contido.

º Un 20% corresponderá á calidade do seu traballo en grupo. No caso de ser unha tarefa individual, a exposición oral contará un 25% e o contido un 55%.

º O 40% corresponderá ao contido: adecuación ao tema, tratar todos os puntos marcados, orixinalidade, que estea redactado polo alumno e non copiado de internet e que desenvolva todos os aspectos dun xeito correcto e rigoroso. No caso de que entreguen algún traballo copiado dun compañeiro ou literalmente de internet, a nota máxima que poderán levar será un 2. Co fin de que os alumnos adquiren un maior sentido da responsabilidade, non se recollerán traballos entregados fóra de prazo salvo por causa xustificada, sendo polo tanto esta cualificación un 0.

No caso de non realizarse traballos, por necesidade de profundizar no temario, de tempo ou outras causas, o exame escrito suporá o 100% de bloque teórico - práctico.

- BLOQUE PRÁCTICO (interpretación vocal e instrumental, solfexo e creación musical): Contará o 50% na nota final de avaliación e será a media das probas prácticas realizadas:

o Interpretacións individuais e/ou en pequenos grupos de pezas traballadas na clase tanto vocais coma instrumentais. No caso de negarse a realízalas a nota será un 0.

o Solfexar individualmente exercicios traballados na clase ou con estruturas, figuras e notas traballadas na aula.

o Realización das actividades de creación musical propostas (gravacións, elaboración de pequenas pezas, creación de material audiovisual, dixitalización de partituras e edición de audio). Nas que se valorará:

º Calidade técnica, orixinalidade, resultado estético final.

º Uso das estruturas marcadas na tarefa, seguir as instrucións marcadas.

A valoración de cada un destes apartados especificarase en rúbricas adaptadas para cada tipo de traballo. No caso de non entregarse no prazo establecido salvo causa xustificada, a nota será dun 0.

- Actitude do alumno fronte á materia (esfuerzo, atención, material, actitude na aula, traballo diario, respecto polos compañeiros/as...). Como o traballo na aula, o estudo, participar na clase, ter o material dispoñible, a boa actitude e a realización das tarefas na casa se consideran un deber por parte do alumnado, no caso de non realizalo será penalizado de cada vez cunha falta que equivale a 0,25 menos na súa nota final da avaliación. Cando un alumno acade o 10% en negativos coas súas faltas de actitude poñerase en coñecemento da familia e se persiste poderase poñer un parte de faltas grave.

Como as notas de avaliación só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio para redondear as cifras decimais:

º Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de cinco (por exemplo: 7.5

transcribiríase como un 8).

º Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas décimas teñan un valor inferior a cinco (por exemplo: 7.4 transcribiríase como un 7).

A cualificación da avaliación final será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso, que deberá ser igual ou superior a 5. No caso de ter que redondear, seguirase o mesmo criterio que nas avaliacións parciais.

Aínda que coinciden no tempo a 3ª avaliación parcial e a avaliación final, as notas serán independentes, podendo ser a da 3ª inferior, igual ou superior á final.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso iranse realizando actividades encamiñadas á recuperación das avaliacións 1ª e 2ª para os alumnos que suspendan ditas avaliacións. No caso da 3ª, poderase recuperar facendo a parte correspondente na proba de recuperación final (de todo o curso) que se fará aos alumnos suspensos que non lograran recuperar calquera das avaliacións anteriormente.

A proba final para alumnos suspensos será únicamente teórica, agás para aqueles que so teñan suspensa a parte práctica, en cuxo caso so terán que realizar ésta.

A proba final realizarase na última semana antes das avaliacións 3ª e final.

- Actividades de apoio, reforzo, ampliación e titoría:

- Criterios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos:

A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se se pasa a 4º curso coa materia de 3º pendente seguirase o procedemento de recuperación trimestral ou anual a acordar co alumnado. Dita recuperación constará dun exame trimestral ou anual con parte teórica e práctica, tal como ven descrito no apartado "criterios de cualificación", onde a teoría será o 30% da nota e práctica o 70% da nota. O peso dos tres trimestres será 30%, 30% e 40% respectivamente. Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Autonomía | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre sexos | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Trballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Actuacións públicas en Nadal ou final de curso | As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso. | | | X |
| Asistencia como público a un concerto didáctico | Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo. | | X | X |
| Participación en el Musiqueando | Tratarase de participar na actividade Musiqueando que será o 25 de abril | | | X |

Observacións:

A asistencia aos concertos didácticos queda supeditada á concesion dos mesmos polas entidades que os ofertan.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Ben ou acadado |
| Mal ou non acadado |
| Regular ou mellorable |

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 3º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 6 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 7 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 7 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 7 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 8 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 8 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 8 |
| 7.2. Actividades complementarias | 9 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 9 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 10 |
| 9. Outros apartados | 10 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Neste curso se configurará como un proxecto interdisciplinario en colaboración con distintos departamentos, especialmente de Educación Física. Tamén estará vinculado ao módulo "O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables" (EDUsaúde) dos Contratos-Programa Innova (CPIInnova).

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no Colexio Público Integrado Antonio Orza Couto, situado entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla, no Concello de Boqueixón e máis concretamente no lugar do Forte. Aínda que é bastante próximo a Santiago, é un centro educativo de carácter rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é alta. Boqueixón ten en unha poboación en torno aos 4200 habitantes, agrupados en 14 parroquias, das que procede a maioría do alumnado. No centro impártense Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. Asemade o centro pon a disposición do alumnado os servizos complementarios de comedor e tamén o de transporte escolar.

Proxecto Competencial é unha materia optativa e neste curso o grupo de 3º ESO está composto por 02 alumnas con idade de 14 anos. Levarase a cabo un proxecto vinculado aos hábitos de vida saudables, abarcando a saúde emocional e física.

Sabemos que tanto a alimentación, como a actividade física, teñen grande impacto en nosa saúde, pero tamén as emocións e os pensamentos ben coidados xogan un papel importante na calidade de vida. En este sentido, este proxecto pretende traballar estes tres aspectos durante todo o proceso de desenvolvemento do mesmo.

| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica. | Identifica a orixe da comunidade cristiá no anuncio e testemuño da memoria da entrega de Xesús | | |
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Identifica a importancia da confianza, nun mesmo, nos demais, en Deus, na elaboración do proxecto vital | TI | 70 |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Reflexiona sobre a importancia do autocoidado, a confianza e a axuda mutua para a saúde física e mental | | |
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Investiga sobre persoas e institucións que se comprometen cos demais en situacións de emerxencia como expresión do coidado aos máis desfavorecidos | | |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | Analiza os desafíos da humanidade á luz de da doutrina da Igrexa expresada en Fratelli Tutti | | |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo. | Relaciona expresións bíblicas xurdidas dunha cultura nómade con categorías teolóxicas que expresan o amor de Deus e analiza una obra de arte comprendendo o significado relixioso que transmite | | |
| CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal. | Coñece os puntos en común de diferentes tradicións relixiosas na concepción do carácter sacro da natureza | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 7 | Cidadáns do mundo | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Coñece as razóns, xestos e costumes de acollida e hospitalidade das diferentes tradicións relixiosas ou culturais | PE | 30 |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica. | Identifica a misión universal da Igrexa, respectando a diversidade cultural, como mandato de Xesús e descobre que o "Pobo de Deus" non se identifica cunha pertenza racial, cultural o identitaria | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Reflexiona sobre a perspectiva do corazón e dos talentos á hora de ir configurando un proxecto vital | TI | 70 |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Comprende que a acollida e a hospitalidade son expresión do recoñecemento á dignidade humana | | |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo. | Recoñece na tradición bíblica o carácter sacro da acollida e a hospitalidade fundamentado no ser dun Deus que acolle especialmente aos máis desfavorecidos | | |
| CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade. | Pon en diálogo as contribucións das ciencias naturais e o desenvolvemento sustentable coa tradición bíblica e a ecoloxía integral | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - A esperanza cristiá e a santidad. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 8 | Unha Igrexa que coida | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo. | Recoñece achegas culturais de inspiración cristiá na que se expresa e materializa a admiración e o coidado da natureza | PE | 30 |
| CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro. | Entende o ecumenismo como un movemento que busca a unidade de todas as ramas do cristianismo e coñece experiencias de diálogo interreligioso | | |
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Recoñece o valor do acompañamento no proceso de decisión do proxecto persoal | TI | 70 |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Considera a importancia de buscar a unidade por encima das diferenzas e o sentido cristián da compaixón e o perdón. | | |
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Valora o voluntariado como expresión do compromiso coas necesidades dos máis vulnerables | | |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | Coñece iniciativas sociais e eclesiais que contribúen a tecer redes de coidados | | |
| CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades. | Expresa, utilizando linguaxe audiovisual, o valor da unidade | | |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica. | Profunda na misión da Igrexa e a súa achega á sociedade. Identifica a caridade e o coidado mutuo, como nota distintiva da Igrexa e aprecia o valor da comunidade cristiá e as súas celebracións. | | |
| CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade. | Pon en diálogo as ciencias naturais coa ecoloxía integral | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.
- Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal.
- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- O Evanxeo como resposta á procura de sentido.
- Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.
- Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular.
- Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes.
- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.
- A esperanza cristiá e a santidad.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias crave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o apreso en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes

adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe

implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicos desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendimento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas e cara a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Libro do alumno. Relixión Católica de 3º de ESO. |
| Recursos interactivos da editorial |

O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todos os alumnos aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre alumnos e profesor e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumno, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario de xeito informal con algun instrumento de gamificación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 14 | 14 | 100 |
| Proba escrita | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 | 30 |
| Táboa de indicadores | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 | 70 |

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 70% repartirase do seguinte xeito:

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rúbricas e rexistros de control

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia

10% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións.

O redondeo farase igual que nas avaliacións.

- O Departamento de Relixión como xa está reflectido na programación realizará as actividades de recuperación para o alumnado que non superara algunha parte da materia sempre antes da data establecida no centro para a terceira avaliación parcial e a sesión da avaliación final.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acade a nota de 5 despois do redondeo programábase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que haxa alumnos coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumno deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crezas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivos e interculturais. Fomentáanse así procesos pedagóxicos accesibles para

todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Formación estética | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | X | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos.

Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Nadal Solidario. Operación Quilo | Campaña de recollida de alimentos para o Centro Xuvenil Don Bosco | | | |
| Saída cultural diocesá | Saída cultural dun día de duración organizada pola diocese para todos os alumnos de relixión católica | | | |
| Visita ás igrexas das Parroquias do alumnado | Saída en horario lectivo, organizada polo Departamento | | | |
| Visita ás cubertas da Catedral de Santiago, Pórtico da Gloria, interior da catedral, museos, e á cidade | Saída dun día organizada polo Departamento | | | |
| Visita ao Cottolengo do Padre Alegre, Cociña Económica, e Centro Xuvenil Don Bosco | Saída nunha mañá organizada polo Departamento. | | | |
| Saída ao cine | Saída en horario lectivo organizada polo Departamento | | | |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Programación |
| Planificación da situación de aprendizaxe |

Avaliación

Descrición:

Se a programación axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, si es adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se eflexionei e avalei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicACIÓN.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------------|-----------|---------------|
| 15001665 | CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto | Boqueixón | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 23 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 24 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 25 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 26 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 29 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 30 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 31 |
| 7.2. Actividades complementarias | 32 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 32 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 34 |
| 9. Outros apartados | 34 |

1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea.

Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercer a cidadanía cara un comportamento cívico.

Nesta liña, os contidos de terceiro van na dirección de comprender o territorio como o espazo humanizado, tanto desde unha perspectiva económica como física e ambiental. Entender as dinámicas internas e externas da poboación e as súas derivadas como a diversidade da poboación, a interculturalidade, as minorías e a igualdade de xénero tamén van ser obxecto de estudo neste curso. Así mesmo, valorar que todos estes asuntos van sentir os efectos do fenómeno da globalización é outro dos eixes principais a tratar.

Desde o punto de vista histórico os contidos deste curso tratan o século XVIII, unha etapa de cambios ideolóxicos, sociais e económicos de grande repercusión que asentan as bases da organización política e económica do mundo contemporáneo ata os nosos días. As revolucións burguesas entenderanse como o marco de ruptura das estruturas do pasado (servidume) para conformar novas formas de pensamento ideolóxico e político nun novo contexto de liberalismo e de democracia, é dicir, de recoñecemento da cidadanía. A globalización, o capitalismo, as formas de traballo e a economía liberal serán cuestións que se comprendan cando se aborde a Revolución Industrial; e, igual que a sociedade, a economía e a política se transforman, a arte deste época tamén responderá a ditas mutacións adaptándose a novos gustos e demandas.

Ditos contidos están estruturados en tres bloques que son "Retos do mundo actual" no que se fai fincapé nos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global coa perspectiva de coñecer cales son os retos do futuro ao que se enfrenta a sociedade en xeral e a española e galega en particular.

O segundo bloque "Sociedades e territorio" integra contidos que contribúen a explicar a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo para comprender o devir actual e as consecuencias futuras. En definitiva, interpretar o presente desde a perspectiva do pasado como legado histórico.

O terceiro bloque de grande transversalidade é "Compromiso cívico local y global" no que se acentúan o sentido da responsabilidade e os valores democráticos dos/das alumnos/as deste nivel.

En definitiva, alumnado de terceiro comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|---------|-------|-----|-----|------|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | 3 | 4 | 1-2-4-5 | 1 | 1 | 3 | 4 |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | 3 | 2 | 1-2 | 4 | 1-3 | 1-3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|-------|-------|-------|---------|-----|-------|
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | 2-3 | | 3-4-5 | 1-5 | 3 | 3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | 1-3 | 2 | 1 | 1-2 | 2 | 1-2-3-4 | 1 | 1-4 |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 1-5 | 3 | 2 | 1-3-5 | 1-3 | 1-2 | 3 | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 1-5 | 3 | 1-3 | 1-3 | 3 | 1-2-3 | 1-3 | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | 2-5 | 3 | 2-4 | 1-2 | 1-3 | 1-2-3 | | 1-2-3 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | 2 | | 1-4-5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|---------|----|------|
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2-5 | | 2 | 1-3 | 1 | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia. | Abordaranse os problemas medioambientais da Terra. A emerxencia climática e a conciencia ecosocial. | 5 | 8 | | X | |
| 2 | Globalización, movementos migratorios e interculturalidade. | Trata do fenómeno da globalización os seus aspectos positivos e negativos e as súas derivadas dos desprazamentos da poboación no mundo actual, a multiculturalidade e posibles conflitos ideolóxicos e étnico culturais, diversidade e mestizaxe. | 5 | 8 | | X | |
| 3 | O espazo natural, rural e urbano. Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución en España e Galicia e retos do futuro | Procura analizar os conceptos espaciais, localización, escala, proximidade espacial e facer un estudo do global ao local na escala rural e urbana e a súa evolución e retos do futuro en relación co Desenvolvemento Sostible. | 5 | 9 | | X | |
| 4 | Organización política das sociedades e ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. | Trata de estudar os rexímenes políticos e a organización dos estados e, en concreto, o Español e indicar a importancia das Institucións para velar pola paz e seguridade. | 10 | 9 | | X | |
| 5 | A actividade económica e sectores produtivos. Axentes económicos. A economía globalizada e desenvolvemento sostible. | Trata do sector primario, secundario e terciario e a tendencia á economía global cara a terciarización e o deber do respecto polo Desenvolvemento Sostible. | 10 | 9 | | | X |
| 6 | Paisaxes humanizadas e os sectores produtivos na UE, | Trata de explicar o funcionamento do mercado dentro da UE e o papel económico | 10 | 9 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | España e Galicia e o mercado común europeo. | de España dentro da UE. Así mesmo abordaríase a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal | 10 | 9 | | | X |
| 7 | Os Sistemas económicos. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado. | Trata de coñecer os diferentes sistemas de organización económica e pode abordaese a produción e o traballo. Cabe abordar o deber de entendernos dentro dun mundo globalizado. | 10 | 9 | | | X |
| 8 | A poboación e poboamento en España e Galicia. Diversidade social, multiculturalidade e igualdade de xénero. | Trata dos ciclos demográficos e evolución da poboación e o reto demográfico en España e Galicia. O envellecemento da poboación e as políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social. Así mesmo se aborda a diversidade social e a cohesión a non discriminación cun fincapé na igualdade de xénero. | 10 | 9 | | | X |
| 9 | O Século da Razón. Transformación política. Da servidume á cidadanía. | Trata do Antigo Réxime, a Ilustración e o despotismo ilustrado, así como os síntomas e propostas de cambio. É importante destacar a figura de mulleres que na época propuñan cambios no seu rol. | 10 | 9 | X | | |
| 10 | As Revolucións burguesas. A Revolución industrial e mentalidade capitalista unha nova organización social de clases. | As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. Así mesmo coa revolución industrial estúdase a derivada do capitalismo e a nova sociedade de clases. O rol das mulleres na época das revolucións. | 10 | 9 | X | | |
| 11 | A chegada dunha nova dinastía en España. Uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. | Trata dos primeiros monarcas Borbón en España, o reformismo ilustrado de Carlos III e a guerra e revolución liberal en España. A importancia da Constitución de 1812. Restauración borbónica. | 10 | 9 | X | | |
| 12 | Os movementos artísticos. As artes na época da Ilustración. Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo. A personalidade independente de Goya. | Trata de coñecer as características xerais das manifestacións artísticas deste período e a súa relación coa arte clásica. Faise fincapé na figura independente de Goya para que se analicen as pinturas de temática histórica relevantes. | 5 | 8 | X | | |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Relacións entre a natureza e a sociedade. A pegada humana no medio e ameazas á Terra e o entorno próximo de España e Galicia. | 8 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características da contorna natural e o aproveitamento que fai o ser humano do medio. | PE | 50 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Contesta ás preguntas cun nivel suficiente e de forma bastante detallada sobre as maneiras de conservar o medio natural, rural e urbano e coñece accións que se promoven desde diferentes ámbitos. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo mural sobre medio ambiente, identificando e describindo aceptablemente as principais características e causas e consecuencias do seu deterioro. | TI | 50 |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo no que indique como pode contribuír a mellorar o medio ambiente e solucións se poden tomar a diferentes escalas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica. - Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial. - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 2 | Globalización, movementos migratorios e interculturalidade. | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | É capaz de interpretar e identificar con certa seguridade mapas e gráficos sobre o Desenvolvemento Sustentable, mobilidade da poboación e distribución do traballo. | PE | 50 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Responde a preguntas cun nivel suficiente, demostrando saber e comprender o que é globalización, causas, consecuencias e aspectos negativos e positivos e o que é Desenvolvemento Sostible. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | É capaz de realizar con certa soltura un traballo sobre que é globalización, causas e aspectos negativos e positivos. | TI | 50 |
